



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de abril de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día doce de abril de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(241).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 5 de abril. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(242).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DO SOFTWARE VMWARE (2020-2025). EXPTE. 10325/113.

Visto o informe xurídico do 02/04/2024 e o informe de fiscalización do 03/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/03/2024, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de

Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do servizo de mantemento do software VMWARE (expte. 9101/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de xuño de 2020, á empresa INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. por un prezo de 25.177,53 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 4.369,65 euros).

O contrato formalizouse en data 12/06/2020, entrou en vigor o 13/06/2020 rematando o 12/06/2023.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/02/2023, autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 13/06/2023 ao 12/06/2024, por importe de 8.392,51 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 1.456,55 euros).

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:
 - *Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que "Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.

- No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: 2, dun ano de duración cada unha”.*
- Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2020 a 2023.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
“O pagamento farase efectivo con periodicidade anual tras a actualización das correspondentes licenzas”.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 8.392,51 euros, dos cales 1.456,55 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279902 (Mantenimento Software).

5. A empresa *INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento do software VMWARE do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 36323-2024 recibida pola empresa con data 11/03/2024 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira da Área de Seguridade, Con-

tratación, Festas e Xestión Municipal, de data 7 de marzo de 2024, autorizando o inicio de este expediente da segunda prórroga do contrato.

8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a SEGUNDA PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SOFTWARE VMWARE (EXPTTE 9101-113) polo período dun ano, do 13 de xuño de 2024 ao 12 de xuño de 2025, polo importe total de 8.392,51 € IVE incluído.
- 2.- Autorizar o gasto de **8.392,51 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902 (Mantenimento Software)	2024	1.456,55 €	6.935,96 €	8.392,51 €
Total exercicio 2024				8.392,51 €

- 3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(243).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO. EXPTE. 10326/113.

Visto o informe xurídico do 02/04/2024 e o informe de fiscalización do 03/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/03/2024, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do subministro de diverso material consumible informático (expte. 10018/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de maio de 2023, á empresa OTEMAR 2020, S.L.L. por un prezo de 30.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,62 euros).

O contrato formalizouse en data 12/06/2023, entrou en vigor o 13/06/2023 e remata o 12/06/2024.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:

- *Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.*
- No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: contémplanse 3 prórrogas anuais”.*
- Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2023.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
“O subministro de material non inventariable aboarase unha vez comprobado a correcta recepción con factura mensual”.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 30.000,00 euros, dos cales 5.206,61 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2211200 (Reposos de informática non inventariables).

5. A empresa *OTEMAR 2020, S.L.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co subministro de diverso material consumible informático

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 36444-2024 recibida pola empresa con data 11/03/2024 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.

7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 8 de marzo de 2024, autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRIMEIRA PRÓRROGA DO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO (EXPTTE 10018-113) polo período dun ano, do 13 de xuño de 2024 ao 12 de xuño de 2025, polo importe total de 30.000,00 € IVE incluído.
- 2.- Autorizar o gasto de **20.000,00 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2211200 (Repuestos de informática non inventariables)	2024	3.471,07 €	16.528,93 €	20.000,00 €
Total exercicio 2024				20.000,00 €

- 3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **10.000,00 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

Partida	Exercicio	IVE	Base	Importe total
9207.2211200 (Repostos de informática non inventariables)	2025	1.735,54 €	8.264,46 €	10.000,00 €
Total exercicio 2025				10.000,00 €

- 4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(244).- RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 17085/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/04/2024, asinado pola letrada titular da Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 16634/111

Sentenza nº 28 do 6 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 367/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación presunta de solicitude de información sobre a nómina do persoal do SPEIS.

Expte(s): 42983/220

Contía: Indeterminada



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Sentenza firme pola que se desestima o recurso interposto pola CUT, contra o silencio da Administración en relación á súa solicitude de información sobre o contido das nóminas do persoal do Servizo de Extinción de Incendios. O xulgador confirma o manifestado pola demandada, indicando que toda a información solicitada é de libre acceso ou ben puido ter acceso á mesma en calquera momento en calidade de sección sindical. Non se lle impoñen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

2.- Contencioso. Expediente nº 16355/111
Sentenza nº 104 do 28 de febreiro de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 463/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Acordos da XGL de datas 02/06/2022 e 23/06/2022 desestimatorios dos recursos formulados contra a declaración definitiva como non apta na proba de aptitude física no proceso selectivo correspondente a prazas de Policía Local.
Expte(s): 39161/220 e 40087/220
Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Esta sentenza que se está a comunicar desestima o recurso de apelación interposto pola demandante, aspirante nas probas selectivas ás prazas de Policía Local, das que resultou excluída por non superar unha proba física (de potencia do tren inferior).

A resolución non é firme, pero contra a mesma só sería posible interpoñer recurso de casación, no que se exclúen as cuestións de feito. Neste caso a Sala do TSXG entende ben valorada a proba practicada, e que as bases da convocatoria non definiron a proba como de salto, no que se baseaba a demanda da apelante. Polo tanto, ratifica a sentenza de instancia e con ela a exclusión da apelante.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 242/2022 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 222 de 18/09/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 17/11/2023

3.- Contencioso. Expediente nº 16437/111
Sentenza nº 114 do 28 de febreiro de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 12/2024
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da solicitude presentada o día 16/07/2021 (na que interesaba o recoñecemento do dereito a percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, incapacidade temporal, asuntos propios e demais permisos retribuídos, e o pagamento dos atrasos correspondentes), e a presentada o 16/03/2023 (relativa ao sistema retributivo de horas extraordinarias)
Expte(s): 42603/220, 42605/220 e 42607/220
Contía: Indeterminada

Sentenza non firme do TSXG, recorrida en casación, pola que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo.

A sentenza do TSXG confirma a de instancia que establecía: (1) o recoñecemento do dereito do actor (funcionario do Corpo da Policía Local) a percibir os pluses de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, situacións de incapacidade temporal, días de libre disposición e demais permisos retribuídos; (2) a fórmula de cálculo das horas extraordinarias debe utilizar como base de cálculo os días efectivamente traballados cada mes e non trinta; (3) o prazo de prescrición do período que comprenden as cantidades reclamadas é de 5 anos, e non de 4, ao abeiro do Decreto Lexislativo 1/1999. Impón ao apelante a cantidade de 1.000 euros en concepto de custas.

Debe coñecer esta resolución o servizo municipal e Concellería de RRHH.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 203/2023 PA XCA nº 1 Vigo, Sentenza nº 263 do 19/10/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/12/2023.

4.- Contencioso. Expediente nº 16580/111

Sentenza nº 46 do 29 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 355/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo desestimatoria da solicitude de recoñecemento de grao persoal e complemento de destino, durante o período desenvolvido como Xefe de Área de Servizos Xerais.

Expte(s): 42723/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso do demandante e confirma a resolución administrativa impugnada, que desestimou a solicitude de recoñecemento de grao persoal.

O actor, adscrito provisionalmente a un posto de complemento de destino superior ao que ocupa actualmente, solicitara o recoñecemento/consolidación de grao persoal. A sentenza recolle que tal recoñecemento é contrario á normativa que o rexe, posto que nos supostos de adscrición provisional non se consolida o grao persoal, sen que a xurisprudencia invocada na demanda resulte de aplicación ao caso.

Repróchase ao actor que durante o prolongado período de tempo que permaneceu na situación de adscrición provisional non puxese de manifesto tal provisionalidade, ou que renunciase á adscrición e concursase dende ese posto.

Non se impoñen custas ao comparecer sen asistencia letrada e considerar o órgano xurisdiccional con remisión a outros pronunciamentos, que "ha denunciado una realidade municipal que ha sido objeto de censura jurídica en numerosos pronunciamentos".



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 16636/111
Sentenza nº 49 do 29 de febreiro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 358/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución ditada o 25/09/2023 pola Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, desestimatoria de solicitude de compensación económica de vacacións
Expte(s): 40900/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza é firme, e desestima a pretensión da demanda do actor de que se lle abonasen as vacacións non desfrutadas.

A resolución xudicial recolle que non é certa a imposibilidade de desfrutar das vacacións por necesidades do servizo, senón só con respecto a un período determinado (o estival). A maiores se reitera que o dereito a tal desfrute se solicita polo funcionario en exercicio do seu dereito, e non planificadas pola administración, non constando solicitude algunha deste demandante. Tendo en conta ademais que o réxime do silencio é positivo para este tipo de solicitudes.

Desbótase tamén infracción do dereito europeo, e se ratifica o réxime excepcional e tasado do dereito a compensar en metálico as vacacións non desfrutadas, tal e como se establece na normativa en materia de función pública e se interpreta polos Tribunais.

A pesares de que o TXUE recoñece o dereito a desfrutar as vacacións non solicitadas, non é un dereito absoluto, senón que cómpre examinar as circunstancias de cada caso para valorar se procede ou non o seu recoñecemento á compensación en metálico, sendo neste caso que tivo oportunidade de desfrutalas e non o solicitou. Tan só a posteriori do cese da súa relación co Concello de Vigo rexistra a solicitude para compensalas.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 16473/111
Sentenza nº 50 do 7 de marzo de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 327/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da solicitude do pagamento da cantidade de 5.564,24 € derivada da encomenda de funcións como Xefa de Negociado.
Expte(s): 38923/220
Contía: 5.564,23 €

Sentenza firme pola que se estima parcialmente o recurso presentado pola actora, de xeito que se recoñece o dereito da reclamante ao abono da cantidade de 4.323,64 euros en concepto de produtividade.

Dita cantidade xa fora recoñecida pola Administración mediante resolución, pero ao non constar proba fidedigna do seu pagamento se lle recoñece o abono de dita cantidade. Recibida a sentenza verificase pola letrada que dita cantidade xa consta aboada na nómina de febreiro 2021 da funcionaria recorrente. Non se impoñen custas.

Darase traslado desta resolución ao Departamento de RRHH para o seu coñecemento.

7.- Contencioso. Expediente nº 16546/111
Sentenza nº 55 do 7 de marzo de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 341/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta de solicitude de aplicación do complemento salarial por atención ao público na lonxa
Expte(s): 37925/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza que se está a comunicar, non é firme, xa que cabe contra a mesma recurso de apelación, e desestima o recurso sen custas, interposto pola actora.

A demandante, con praza de auxiliar administrativo e adscrita á área de Benestar Social solicitaba o recoñecemento do dereito a percibir o mesmo complemento específico que o dos postos de traballo denominados "auxiliar atención público ventanilla", xunto cos efectos retroactivos dende o 25/9/2019 e os xuros legais.

A sentenza considera que a actora tiña que impugnar o acto de aprobación da RPT polo que se revisou o CE dos postos dos que se pretende equiparación, acto xa firme e consentido.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 16272/111
Sentenza nº 164 do 13 de marzo de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 439/2023
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Desestimación presunta da pretensión exercida de solicitude de creación do rexistro de persoal e de postos de traballo.
Expte(s): 41297/220
Contía: Indeterminada

A sentenza que se está a comunicar non é firme, pero contra a mesma só cabe a interposición dun recurso de casación. Impón as custas á parte demandante, sindicato CCOO.

Na resolución confírmase a de instancia, que desestimou o recurso interposto polo sindicato contra a desestimación da solicitude para a creación do rexistro de persoal e postos no Concello, conforme á solicitude formulada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

A sentenza recolle que a existencia dun rexistro propio de persoal é unha esixencia legal, de modo que tal pretensión resulta imposible. Por outra banda, o marco legal actual non contén unha relación de contidos, formato nin prazo para a súa posta en marcha.

Valora que se aportasen ao preito informes nos que se pormiúda o estado actual desta información no Concello de Vigo, no senso de que para as finalidades pretendidas na normativa estatal da que pretende a súa reviviscencia a parte apelante, e mesmo actualmente reguladas noutros exemplos propostos, os sistemas de xestión do Concello de Vigo permite o manexo desa información; tarefas, funcións de cada posto, titulacións, sancións, etc.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 338/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 201 de 01/09/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 13/10/2023.

9.- Contencioso. Expediente nº 16539/111

Sentenza nº 59 do 14 de marzo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 342/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación presentada o 31/07/2023 sobre reclamación da modificación puntual da RPT e a asignación do CD 28 e CE 640, e o pagamento das cantidades derivadas das diferenzas retributivas complementarias dende o 01/01/2021.

Expte(s): 41411/220 e 42452/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme porque contra a mesma cabe a interposición de recurso de apelación, desestima a demanda sen imposición de custas.

Pretendíase, por parte dunha funcionaria adscrita á área de RRHH e Formación, unha condena á modificación puntual da RPT conforme a unha valoración do posto xa proposta pero non tramitada, e por outra banda, o recoñecemento do dereito ao cobro dun complemento de produtividade en contía semellante a outro percibido nun exercicio anterior, co importe diferencial entre os complementos do posto ocupado actualmente e os dos complementos do posto proposto como parámetro comparativo.

A sentenza non considera acreditada a realización de funcións correspondentes a un complemento de destino superior ao da demandante, como o dunha xefatura de servizo, da que transcribe a guía de funcións, entendendo que só se proba que é a xefa da área a que desenvolve as funcións propias dunha xefatura.

Esta resolución tamén matiza o feito de que unha especialización nun conxunto de materias, non pode confundirse co desenvolvemento de funcións superiores ás propias do posto. Nesa área si existe un posto de xefatura, pero desenvolvido pola xefa da área.

Valora que está en tramitación actualmente un procedemento de valoración de postos, pendente de adxudicación, e que culminará coa regrada aprobación dunha nova RPT que incorpore as valoracións dos postos. A maiores, critica que non impugnase ningunha das modificacións da RPT máis próximas no tempo (2022 e 2023), pretendendo con esta demanda, e á marxe dos medios de impugnación e procedementos establecidos, un modo de recoñecer unha situación individualizada da que non se probou a concorrencia dos requisitos para a prosperabilidade das pretensións desta demanda.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 16026/111

Sentenza nº 190 do 20 de marzo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 414/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Acordo da XGL do 23/09/2022 que aproba a RPT correspondente ao ano 2022

Expte(s): 1690/110, 40642/220 e 39998/220

Contía: Indeterminada

A sentenza ditada en apelación polo TSXG desestima o recurso e confirma a sentenza nº 66/2023 de 26 de maio de 2023 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

A sentenza parte de que o demandante ten a condición de persoal indefinido non fixo do Concello de Vigo en virtude de sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo de 27 de xuño de 2018, confirmada por la Sala de lo Social do TSXG o 7 de decembro de 2018, que lle recoñeceu a categoría profesional de licenciado en Dereito sen ningunha especialidade.

A Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que ten por finalidade que os postos que veñan desenvolvéndose de forma temporal durante un longo período de tempo pasen a desenvolverse por persoal fixo a partir dun proceso de selección.

O Concello, ao considerar que dito posto constitúe unha necesidade estrutural, incluíu na Relación de Postos de Traballo un posto de licenciado en Dereito dentro da unidade administrativa de Benestar Social. Non obstante, non pode considerarse que sexa das mesmas características que o posto que desenvolveu temporalmente porque o Concello goza de autonomía e discrecionalidade para adecuar o novo posto creado ás auténticas necesidades estruturais do seu organigrama: a atención a diversos colectivos (non só estranxeiros) sobre diversas ramas de coñecementos xurídico (laboral, civil, administrativo).

Deben coñecer o resolto os departamentos de RRHH e Benestar Social.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 345/2022 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 66 de 26/05/2023, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 17/11/2023.

11.- Contencioso. Expediente nº 16670/111



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Auto nº 15 do 23 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 355/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados na súa vivenda por mor do asfaltado da rúa

Expte(s): 6800/243

Contía: 637,67 €

O Auto, firme, declara rematado o procedemento e arquivanse as actuacións ao ter sido pagada a indemnización reclamada pola contratista causante dos danos (Civisglobal).

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

12.- Contencioso. Expediente nº 16520/111

Sentenza nº 32 do 26 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 331/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída cando transitaba polo Paseo Marítimo das Avenidas

Expte(s): 7074/243

Contía: 3.864,53 €

Sentenza firme pola que se estima a pretensión da demandante consistente na reclamación patrimonial dirixida contra a Administración responsable do Paseo das Avenidas, polos danos padecidos como consecuencia dunha caída orixinada polo mal estado de mantemento e conservación das táboas que o conforman. A representación do Concello de Vigo acreditou a falta de lexitimación neste asunto por canto o convenio coa Autoridade Portuaria (titular do paseo) na data da caída da actora xa estaba resolto, polo que o Concello non ostentaba ningunha competencia nesa zona.

A sentenza estima o RCA e condena á Autoridade Portuaria de Vigo a abonar á demandante a cantidade de 3.864,63 euros mailos intereses legais correspondentes dende o 13/03/2023, e absolve ao Concello de Vigo e a AXA Seguros Generales SA da responsabilidade patrimonial. Custas á Autoridade Portuaria ata a cifra máxima de 200 euros mais impostos.

13.- Contencioso. Expediente nº 16422/111

Sentenza nº 37 do 29 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 309/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos sufridos por dunha caída na rúa Príncipe nº 28.

Expte(s): 6984/243

Contía: 5.164,40 €

A sentenza desestima o recurso fronte a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos sufridos pola recorrente como consecuencia dunha caída na rúa Príncipe, por considerar que o desperfecto alegado non constitúe un obstáculo perigoso, non sendo suficiente unha mera leve irregularidade do pavimento para atribuír as consecuencias da caída a Administración Municipal.

A sentenza é firme sen imposición de custas.

14.- Contencioso. Expediente nº 16907/111

Decreto nº 3 do 1 de marzo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 36/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados en local polas filtracións de auga de chuvia dinamantes do patio do CEP Municipal Doutor Fleming

Expte(s): 7086/243

Esta resolución, firme, acorda rematar o procedemento conforme á desistencia da acción instada pola parte demandante. O obxecto do recurso constituíao a desestimación presunta dunha reclamación por responsabilidade patrimonial da Administración por uns danos causados nun local comercial.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 15897/111

Sentenza nº 39 do 4 de marzo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 147/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por mor dunha caída cando circulaba co seu vehículo de mobilidade persoal (patinete eléctrico) pola Rúa dos Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres á altura do número 23

Expte(s): 6859/243

Contía: 32.298,18 €

A sentenza, firme, desestima o recurso contra a desestimación presunta por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos (32.298,18 euros) consecuencia dunha caída mentres circulaba cun patinete eléctrico pola rúa Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres á altura do número 23 ao perder o control polo estado defectuoso dun resalto na calzada destinado á redución da velocidade (lombo de asno), por considerar que non quedou probada a relación de causalidade entre os danos reclamados e o funcionamento do servizo público. Sen especial pronunciamento en materia de custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

16.- Contencioso. Expediente nº 15865/111

Sentenza nº 40 do 4 de marzo de 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 138/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na vía pública.

Expte(s): 6260/243

Contía: 116.093,14 €

Sentenza desestimatoria do recurso presentado polo actor contra a desestimación, inicialmente presunta do Concello de Vigo, da reclamación patrimonial presentada reclamando unha indemnización de 116.093,14 euros polos danos padecidos como consecuencia dunha caída na vía pública ocasionada polo mal estado de conservación do pavimento.

Desestímase o recurso por canto non quedou probado sen lugar a dúbidas o lugar exacto dos feitos, en concreto, o lugar no que se produciu a caída. O lugar no que o demandante sitúa os feitos é de titularidade privada e uso público e o dano no pavimento consiste nun pequeno espazo entre dúas losetas de 0,032cm segundo informe do inspector, polo que entende a xulgadora que ante este tipo de desperfectos non pode converterse as AAPP en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de prever calquera eventualidade desfavorable ou danosa para as persoas, derivada da actividade destas. Sen custas. Cabe recurso de apelación no prazo de 15 días.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

17.- Contencioso. Expediente nº 16796/111

Auto nº 20 do 7 de marzo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 367/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos sufridos polo vehículo ao ser golpeado por unha arqueta sita na rúa Areal nº 142

Expte(s): 6969/243

Contía: 1.456,17 €

O auto, firme, declara terminado o procedemento toda vez que a concesionaria Aqualia procedera ao pago da cantidade reclamada polos danos ocasionados ao vehículo do reclamante, e acorda o arquivo das actuacións.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio do Concello.

18.- Contencioso. Expediente nº 16528/111

Sentenza nº 26 do 20 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 319/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 03/07/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra que lle impuxo sanción de 300 euros, e perda de 2 puntos no permiso de conducir.

Expte(s): 310947/280

Contía: 300,00 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que a sanción por exceso de velocidade non está prescrita ao existir diversas actuacións municipais que interromperon o prazo, non era preciso conceder trámite de audiencia ao non terse en conta feitos distintos e tampouco eran precisas dúas fotografías tendo en conta o tipo de cinemómetro utilizado (Directriz de la DGT de 2023/15).

Debe coñecer o resolto o servizo de Seguridade e Mobilidade.

19.- Contencioso. Expediente nº 16873/111

Auto nº 20 do 7 de marzo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 25/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución sancionadora por infracción do art. 152 do Regulamento Xeral de Circulación

Expte(s): 2023/77133

Auto firme polo que se dispón a conclusión do presente recurso contencioso-administrativo por carencia sobrevida do seu obxecto. O Concello resolveu na vía administrativa a favor do demandante, e anulou a sanción e iniciou o procedemento de devolución de ingresos indebidos. Mediante dilixencia de ordenación do 25 de marzo de 2024 acórdase declarar a firmeza da resolución e procédese ao arquivo das actuacións. Con custas de 100 euros á parte demandada.

Darase traslado do auto e da dilixencia de firmeza ao servizo de Recadación Executiva e á Policía Local.

20.- Contencioso. Expediente nº 16794/111

Sentenza nº 45 do 29 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 5/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo, desestimatoria de reclamación económico-administrativa formulada contra providencia de embargo no procedemento de liquidación e cobro dos tributos IBI e EUI dos anos 2014 a 2022, correspondentes aos locais comerciais cuxa titular era a súa nai

Expte(s): 5737/550 e 284285/700

Contía: 11.364,19 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso e entende conforme a Dereito as actuacións municipais na vía de prema.

A Recadación Executiva e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

21.- Contencioso. Expediente nº 14825/111

Providencia nº 209 do 1 de setembro de 2023



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 181/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución da XGL de data 08/04/22 desestimatoria das alegacións presentadas ao informe-proposta formulado polo Servizo de Transportes con data 02/02/22, sobre revisión das tarifas correspondentes aos exercicios 2021 e 2022.

Expte(s): 3573/449

Contía: Indeterminada

A sentenza (corrixida por Auto do 5 de outubro de 2023), logo de analizar os diversos factores que se aplicaron na revisión de prezos de 2022, unicamente corrixe o relativo á variación de pasaxeiros. Así, declara a desconformidade a Dereito dunha parte da resolución municipal impugnada, no relativo ao punto quinto da proposta que aproba, relativa á determinación da tarifa do servizo regular de transporte urbano de viaxeiros no ano 2022, que anula e revoga. Con condena do Concello de Vigo a efectuar en execución desta sentenza un novo cálculo da estrutura tarifaria, de acordo coa fórmula prevista no art. 62.3 dos pregos, coa única novidade respecto das cifras resultantes na resolución impugnada, de considerar que a variación do número de pasaxeiros foi dun 75%, con respecto ao período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período 2020.

En canto á improcedencia da revisión de 2021, que fóra acordada pola resolución municipal pola incidencia do COVID, a sentenza do Xulgado, considerouna conforme a Dereito, xa que a revisión anual sería potestativa e non obrigatoria, á vista da redacción da cláusula 62 dos pregos. No entanto, esta sentenza foi obxecto de apelación núm. 7178-2023, que xa foi resolta por STSX de Galicia 52/2024, do 9 de febreiro, tamén parcialmente estimatoria na que se establece a obriga de realizar os cálculos da revisión tarifaria do ano 2021, aínda que sinala que por mor da incidencia da pandemia do COVID-19, na aplicación da fórmula da cláusula 62 dos pregos, se atenderá aos datos do período comprendido entre o 01.10.19 e o 30.09.20 para todos os factores, pero, en relación co número de viaxeiros, se terá en conta o período que vai desde o 01.10.18 ao 30.09.19.

O Servizo de Transportes debe coñecer e executar o resolto.

21 bis.- Contencioso. Expediente nº 16248/111

Sentenza nº 52 do 9 de febreiro de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7178/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución da XGL de data 08/04/22 desestimatoria das alegacións presentadas ao informe-proposta formulado polo Servizo de Transportes con data 02/02/22, sobre revisión das tarifas correspondentes aos exercicios 2021 e 2022.

Expte(s): 3573/449

Contía: Indeterminada

A sentenza da Sala estima parcialmente o recurso de apelación, sen condena en custas, e unicamente no relativo á negativa á revisar a tarifa do ano 2021, con condena ao Concello a calcular a revisión da tarifa de 2021 de acordo coa cláusula 62 do prego reitor do contrato. Agora ben, a sentenza reconece a incidencia da pandemia do COVID-19 e, por esta razón,

sinala que aínda que, en xeral, se atenda aos datos do período comprendido entre o 01.10.19 e o 30.09.20 para todos os factores, en relación co número de viaxeiros, establece que se terá en conta o período que vai desde o 01.10.18 ao 30.09.19, e ao pago da suma resultante cos seus intereses.

Contra esta sentenza unicamente cabería recurso de casación, nos limitados supostos legalmente previstos.

O Servizo de Transportes debe coñecer e executar o resolto.

22.- Contencioso. Expediente nº 16577/111

Sentenza nº 63 do 1 de marzo de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7022/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 18/08/2022 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 22/06/2022 que rexeita a factura nº 146 referente ao contrato de dixitalización do marquesado de Mos e Valadares elaboración entregables e carga no software expediente (1055-1102 Subv).

Expte(s): 306/233

Contía: 59.217,00 €

A sentenza ditada en apelación polo TSXG desestima o recurso de apelación interposto por Xercode Media Software S.L e confirma a sentenza nº 268/2023 de 2 de novembro do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo.

Considérase que os traballos de dixitalización en que consistía o contrato de servizos non cumprían as esixencias establecidas no prego de prescricións técnicas e que polo tanto o órgano de contratación exerceu a facultade recollida no art. 311.3 LCSP e rexeitou a factura; facultade que é distinta da de resolución do contrato e da de imposición de penalidades.

Deben coñecer o resolto os servizos de Arquivo e Contratación.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 301/2022 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 268 de 02/11/2023, desestimatoria.

23.- Contencioso. Expediente nº 16075/111

Sentenza nº 63 do 21 de marzo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 211/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución da XGL do 20/04/2023 que acordou prorrogar de forma expresa por un período de 1 ano, o contrato de servizo de axuda no fogar.

Expte(s): 247953/301

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme porque se pode interpoñer recurso de apelación, desestima o recurso interposto pola contratista municipal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e lle impón as custas do procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Na resolución se recolle a falta de utilidade da proba pericial practicada, e a apreciación de que o acto impugnado non incorre en ningunha nulidade, reprochando á parte demandante a mestura de pretensións e cuestións, pouco conexas algunha delas co concreto obxecto deste recurso.

Se entende non cuestionada pola parte demandante a existencia da previsión de prórroga no contrato, e canto á tramitación do procedemento, recoñece o "escrupuloso" cumprimento das esixencias da Lei 9/2017 e dos pregos do contrato.

Outros pronunciamentos, sobre os que o Xulgador expresamente manifesta que non forman parte do recorrido, pero alegados pola actora, son os referidos ao reequilibrio do contrato, e a relación que a parte demandante establece coa prórroga. Concluindo que existen outros mecanismos para solventar desequilibrios, pero que o réxime legal da prórroga non se atopa condicionado nin vinculado ao mantemento do equilibrio do contrato.

A área de Benestar Social debe coñecer do resolto.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 16781/111

Sentenza nº 85 do 28 de febreiro de 2024

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 2/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades polos servizos prestados como persoal laboral coa categoría de Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia e Control, deixadas de percibir durante o período de IT

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima a demanda interposta pola demandante, empregada pública municipal, pola que reclamaba cantidades en concepto de "festividade" correspondentes aos períodos de tempo nos que non prestou servizos ao atoparse en situación de incapacidade temporal.

A resolución considera que os cadrantes, empregados como sustento da pretensión, non recollen unha realidade inmutable, senón que se poden ver alterados, polo que conforme co criterio municipal, as retribucións non fixas nin periódicas só se perciben cando se prestan efectivamente os servizos.

O servizo de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 16901/111

Decreto nº 109 do 1 de abril de 2024

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 122/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e contías, polas cantidades deixadas de percibir durante o período de IT (VigoZoo)

O decreto acorda ter por desistida a parte demandante da súa demanda con expresa reserva de accións , acordando o arquivo dos autos.

Debe coñecer o resolto a Área de Recursos Humanos e Formación.

C) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CIVIL

1.- Civil. Expediente nº 14568/111

Sentenza nº 55 do 16 de febreiro de 2024

Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Pontevedra

Ordinario: 194/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Declaración de propiedade de porción de monte “Meixoeiro o Regueiro Furado”

Esta sentenza, non firme e recorrida en apelación, estima a demanda interposta pola CMV-MC de Lavadores e declara que o terreo reivindicado do Monte Meixoeiro pertence á Comunidade de Montes.

A sentenza resolve con base na proba practicada e aplicando o criterio que, conforme ao dereito propio da Comunidade Autónoma entende este tipo de bens imprescriptibles. Declara acreditado o aproveitamento inmemorial do Monte por parte dos comuneiros e non declara probado o título de dominio das partes demandadas.

O Concello compareceu como codemandada acompañando á Xunta de Galicia como demandada pola cesión que o Concello fixo en favor da Administración Xeral do Estado no 1972 para a construción dun centro de formación profesional de primeiro e segundo grao. Posteriormente a Comunidade Autónoma se subrogou na posición do Estado.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(245).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO. EXPTE. 50396/446.

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 05/04/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS ESPAZOS MUSEALIZADOS DA FORTALEZA DE VIGO.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 29 de decembro de 2023.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 5 de febreiro de 2024.

4º.- Autorizar o gasto:

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 169.438,84 euros

B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 29.406,74 euros

C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 140.032,10 euros

D) ANUALIDADES CON IVE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:

<i>Anualidade</i>	<i>Datas</i>	<i>Importes</i>	<i>Partidas</i>
<i>2024</i>	<i>23/07/2024 31/12/2024</i>	<i>36.565,35 euros</i>	<i>3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro</i>
<i>2025</i>	<i>01/01/2025 31/12/2025</i>	<i>80.000 euros</i>	<i>3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro</i>
		<i>4.473,05 euros</i>	<i>3360.2260900. Representacións histórico-cultural</i>
<i>2026</i>	<i>01/01/2026 22/07/2026</i>	<i>48.400,44 euros</i>	<i>3360.2279903. Prestación servizos galerías muralla O Castro</i>

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de febreiro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1

	Licitador	Puntuación
1	BENITO URBAN, S.L.U.	95,00
2	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	78,88

- LOTE 2

	Licitador	Puntuación
1	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	100

- LOTE 3

	Licitador	Puntuación
1	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	100

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscritos no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.”*

Terceiro.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), o día 2 de febreiro de 2024, notificándose, asemade addenda á devandita notificación, o día 4 de marzo de 2024, requirindo, a maiores, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional. Ambos licitadores presentan documentación requirida dentro dos prazos concedidos.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 15 de marzo de 2023 acorda conceder un prazo de tres días a BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3) para que poida emendar a seguinte documentación:

- BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) debía presentar acreditación da solvencia técnica e profesional.
- PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 y 3) debía presentar, a escritura de apoderamento do seu representante.

Durante o prazo concedido, os licitador presentaron a devandita documentación o 23 e o 21 de marzo de 2024, respectivamente.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1)

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (27.888,00 €), presentan declaración e as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (27.888,00 €), presentan certificados de boa execución/declaración e facturas nos que a suma dos importes tanto do ano 2021, como dos anos 2022 e 2023 superan esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Aval por un importe de 3.429,75 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA e o certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da sociedade, así como o apoderado e a declaración de non estar incursos en prohibición de contratar.

- PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3)

- Escritura de apoderamento do seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (a de maior importe do Lote 3: 4.368,00 €), presentan as contas. do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (a de maior importe do Lote 3: 4.368,00 €), presentan relación de traballos e certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Xustificantes de ingresos por un importe de 454,55 € (Lote 2) e 537,19 € (Lote 3) que cobren a garantía definitiva dos respectivos lotes, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA e o certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Sector Público no que figura a constitución da empresa e a declaración de non estar incursos en prohibición de contratar.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BENITO URBAN, S.L.U. (Lote 1) PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. (Lotes 2 e 3), de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 29 de xaneiro de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Adxudicar a BENITO URBAN, S.L.U. o Lote 1 do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446) coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do contrato é de 83.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.404,96 euro.*
- *Propón unha porcentaxe de desconto de 14,20 % a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o Lote 1.*
- *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto na cláusula 5 do PPT (30 días) dos materiais a subministrar de DIEZ (10) días.*
- *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido na cláusula 6 do PPT (3 anos) en DIECIOCHO (18) meses.*

2. *Adxudicar a PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U. os Lotes 2 e 3 do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de mobiliario urbano (50396-446) coas seguintes condicións:*

-LOTE 2

- *O prezo total do contrato é de 11.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.909,09 euro.*
- *Propón unha porcentaxe de desconto do 4 % a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote II.*
- *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto na cláusula 5 do PPT (30 días) dos materiais a subministrar de 15 días.*
- *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido na cláusula 6 do PPT (3 anos) en 18 meses.*

- LOTE 3

- *O prezo total do contrato é de 13.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.256,20 euro.*
- *Propón unha porcentaxe de desconto do 5 % a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP para o lote III.*
- *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto na cláusula 5 do PPT (30 días) dos materiais a subministrar de 15 días.*
- *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido na cláusula 6 do PPT (3 anos) en 18 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

6(246).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO. EXPTE. 19756/77.

Visto o informe de fiscalización do 05/04/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º Aprobar o expediente de contratación (19756-77) por procedemento aberto de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 8 de maio de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 12 de maio de 2023 que rexerán a contratación de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO".

*3º.- Aprobar o gasto por importe de **92.888,00 €**, para a contratación de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO", con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279913 FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2023, coa distribución das seguintes anualidades:*

- 2023: 46.444,00 €
- 2024: 46.444,00 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de agosto de 2023, de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. debido a que a aclaración aportada en virtude do requirimento da Mesa do 18 de agosto, altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do prazo de presentación de ofertas (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019)

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 20 de outubro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SARARTE, S.L. neste procedemento.

Terceiro.- Excluir deste procedemento a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023.

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) na seguinte orde descendente:

- LOTE I: FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE II: CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE III: CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG.

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64,00
2	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	53,03

- LOTE IV: CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	50,32



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- LOTE V: CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64,00
2	SARARTE, S.L.	53,00

- LOTE VI: CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓN SOLARES ACS)

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	62,59
3	SARARTE, S.L.	53,00

- LOTE VII: CURSO DE DESEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIÓN DE ENERGÍA SOLAR FOTOVOLTAICA

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	61,43
3	SARARTE, S.L.	58,32

- LOTE VIII: FORMACIÓN EN XARDINERÍA

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	95,00
2	SARARTE, S.L.	70,39
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	40,03

- LOTE IX: TRATAMENTO DO MEDIO

	LICITADOR	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	84,00

- LOTE X: CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	78,60
2	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	76,02
3	SARARTE, S.L.	67,10
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	66,00
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	53,91

- LOTE XI: CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00
2	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	69,00
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	30,37

- LOTE XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

	LICITADORES	TOTAL
1	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	75,90
2	SARARTE, S.L.	72,00
3	NORFORMACIÓN, S.L.	67,04
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	62,62
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	44,08

Quinto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SARARTE, S.L. (Lotes I, II, IV e XI), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes III e V), IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote VI e VII), NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes VIII, IX e X) e IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 22 de decembro de 2023, acordou o seguinte:

“(...) esta Mesa, na sesión de 1 de decembro, acordou solicitar a emenda da documentación presentada aos licitadores:

- (...)*
- IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII): deberá acreditar a solvencia técnica e os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP.*

Presentada a documentación en prazo por todos os licitadores, na sesión do 12 de decembro de 2023, se acordou por unanimidade, remítela ao servizo xestor para que determinase se quedan acreditados os medios persoais esixidos. Este informe é emitido en data 19 de decembro. Á vista do mesmo procede:

“(...

2º.- Con respecto aos lotes III, IV, V, VI, VII e XII, os licitadores clasificados en primeiro lugar non emendaron a documentación requirida polo que a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión, acorda requirir aos segundos clasificados a documentación prevista no artigo 140 da LCSP e as cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares:

- a) Lote III: FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- b) Lote IV: SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- c) Lote V: FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a SARARTE, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- d) Lote VI: IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., non acreditou a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- e) Lote VII: IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., non acreditou a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*

- f) *Lote XII: IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a SARARTE, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado”.*

Cuarto.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en segundo lugar, entre outros, no Lote XII a SARARTE, S.L., o día 12 de xaneiro de 2024, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido, o día 25 de xaneiro.

Quinto.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 8 de febreiro de 2024, acordou o seguinte:

“Tras a análise da documentación presentada polos licitadores e, tendo en conta o informe sobre a acreditación dos medios persoais asinada pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, en data 5 de febreiro de 2024, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, conceder un prazo de 3 días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:

1. *SARARTE, S.L. En concreto deberá presentar:*

- *(...).1 a 400 horas.*
- *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

b) *Para o Lote XII :*

- *Medios persoais: documentación acreditativa do cumprimento polo docente proposto, da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, accións formativas da formación profesional para o emprego na FAMILIA PROFESIONAL FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. ÁREA PROFESIONAL: ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS (FCOA), xa que, da documentación presentada non se pode comprobar a efectiva impartición dese mínimo de horas nos últimos 6 anos.*

2. *(...)”*

Sexto.- Este acordo foi notificado aos licitadores o día 9 de febreiro de 2024, presentando a documentación requirida SARARTE, S.L. (Lotes V e XII), o día 16 de febreiro fora do prazo concedido.

Sétimo.- Tendo en conta o anterior a Mesa de Contratación, na súa sesión do 1 de marzo de 2023 acorda por unanimidade dos/as membros presentes que, entendendo que SARARTE, S.L. non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP ao presentar a emenda da documentación fora do prazo concedido, procede o seguinte:

1. *“(...)”*
2. *Requirir, á vista do acordo de clasificación de data 20 de outubro de 2023, ao licitador clasificado en terceiro lugar para o Lote XII “Curso de sensibilización*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ambiental”, NORFORMACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles a seguinte documentación (tendo en conta a xa presentada polo licitador neste mesmo procedemento para os lotes VIII, IX e X):

- a) *Anexo IV co nomeamento do/a delegado/a do contrato e o acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo.*
- b) *Anexo V coa declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas.*
- c) *A acreditación da adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- d) *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

Oitavo.- O anterior acordo foi notificado a NORFORMACIÓN, S.L. o día 12 de marzo de 2024 que presenta a documentación requirida o día 22 de marzo, dentro do prazo concedido.

A documentación presentada e a que xa figura no expediente consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución, o obxecto social e o apoderado.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (13.860,00 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (6.300,00 €), presentan certificado de boa execución do ano 2022 por un importe que supera esta cantidade.
- Xustificante de ingreso por un importe cada un de 450,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Noveno.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en terceiro lugar NORFORMACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NORFORMACIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 4 de agosto de 2023 e 19 de outubro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NORMFORMACIÓN, S.L. o LOTE XII do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 9.000,00 euros (IVE exento).*
- b) Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o LOTE 12: 22,50 %*
- c) Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas (marcar unha das seguintes opcións se é o caso): De 201 a 400 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(247).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E OBRAS DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU”. EXPTE. 1756/441.

Visto o informe de fiscalización do 09/04/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 05/04/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de “Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU) (1756-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de “Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU) (1756-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación mixta do subministro e obra, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do proxecto de “RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA NO MARCO DEL PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION EU” redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Gustavo Parrilla, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E CATRO MIL NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (394.009,71 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 20.11.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo a partida orzamentaria 1710.619.00.15, proxecto de gasto 22171012, do vixente orzamento 2023 por importe de 94.009,71 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na partida orzamentaria 1710.619.00.12, crédito por importe de 300.000 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 76,14 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 15 de marzo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de “Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU) (1756-441) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL PUNTUACIÓNS
1º	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	82,59

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L., o día 15 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida o 21 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil e a certificación positiva de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA
- A escritura de constitución da licitadora, os estatutos e o NIF, xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexos III, V, VI e VII do PCAP, asinados dixitalmente polo seu representante.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (390.753,43 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (subministro: 231.717,11 € e obra: 162.292,60 €), presenta certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera estas cantidades. Asemade, a licitadora presenta certificados ou documentos acreditativos de cumprir as normas UNE-EN-ISO 9001 de calidade ou equivalente, así como os documentos referidos ao cumprimento en materia medio ambiental (tales como EMAS ou UNE-EN-ISO 14001 ou equivalente).
- Aval por un importe cada un de 13.025,11 € que cobren a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 5 de abril de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 23 e 26 de febreiro de 2024 e 4 de marzo de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de “Renovación do Parque Camilo José Cela (1756-441) coas seguintes condicións por un prezo total do contrato de 315.207,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 54.705,48 euros.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(248).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS, DIVIDIDOS EN LOTES, LOTE 5 “SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE ALTOS CARGOS E PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN”, DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPTE. 42970/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/04/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- 1.Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- 2.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- 3.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- 4.Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- 5.Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, en data 4 de marzo de 2022, acordou adherirse ao Convenio marco de mediación de riscos e seguros da central de contratación da FEMP, formalizándose o contrato baseado o 3 de marzo de 2020 con Willis Iberia.

Cuarto.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, sendo o lote 5 relativo a “Seguros de responsabilidade civil de altos cargos e persoal ao servizo da administración ” .

O citado lote 5 do acordo marco foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizouse en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, comenzando a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de un ano e prevé tres prórrogas dun ano de duración cada unha, se ben se prevé que a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes ata un máximo de seis meses. Está última prórroga de seis meses foi asinada polas partes o 22 de decembro de 2022 e nela se estende a vixencia do acordo marco ata o 12 de setembro de 2024.

Quinto.- Mediante resolución de 3 de outubro de 2023, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal , á vista do Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e propón a adhesión ao citado acordo marco da Central de Contratación da FEMP.

Sexto.- En data 22 de xaneiro de 2024 procedeuse a enviar documento de invitación ás empresas adxudicatarias do lote 5 a través de la plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

Sétimo.- Recibida a oferta o 24 de xaneiro de 2024, dentro do prazo conferido ao efecto, procedeuse a súa valoración pola empresa adxudicataria do contrato baseado



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

de mediación de riscos e seguros, Willis Iberia, conforme aos criterios de adxudicación e a súa ponderación establecidos na cláusula 21.2 do PCAP. O informe de valoración presentouse a través do Rexistro Xeral do Concello o día 3 de febreiro e foi anexado ao xestor de expedientes no trámite 30. Á vista do mesmo, o licitador que obtén a maior puntuación é AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA .

Oitavo.- Constan no expediente os documentos contables de retención de crédito, de data 14 de febreiro de 2024:

- RC nº 202400035935
- RCFUT1 nº 202400035936

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Constan no expediente os certificados de existencia de crédito de data 14 de febreiro de 2024.

-II-

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que preten dan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros. O lote 5 relativo ao seguros de responsabilidade civil de altos cargos e persoal ao servizo da administración foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021. Este acordo formalizouse o 12 de marzo do mesmo ano, e comezou a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de 1 ano e prevé tres prórrogas dun ano de duración.

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros da FEMP na actualidade está vixente.
2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinarmente partes nel, salvo no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.
3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).
4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco se perfeccionan coa súa adxudicación.

-III-

COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación do seguro de responsabilidade civil de altos cargos e persoal ao servizo da administración, mediante adhesión ao acordo marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 5 seguro de responsabilidade civil de altos cargos e persoal ao servizo da administración .

Segundo- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 5 seguro de responsabilidade civil de altos cargos e persoal ao servizo da administración, adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizado en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano.

Terceiro.- O importe máximo do contrato é de 32.445 €, segundo consta na memoria económica do servizo xestor.

Cuarto.- O contrato baseado iniciarase o día seguinte da notificación do acordo de adxudicación e terá unha duración de un ano sen posibilidade de prorroga.

Quinto.- O gasto imputarase á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo 9201.2260400 e con cargo á bolsa de vinculación, , e coa distribución en anualidades seguinte:

Anualidades	Importe con IVE
2024	27.037,5 €
2025	5.407.5 €

Sexto.- Nomease responsable do contrato baseado a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(249).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (TACGAL) RECAÍDA NO EXPEDIENTE DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN PARCIAL DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS “TOMÁS ALONSO” (LOTE 1) E “BOUZAS” (LOTE 2). EXPTE. 62777/332.

Dáse conta da proposta de data 09/04/2024, asinada pola xefía Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 55/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 40/2024, interposto polo SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación da xestión parcial das Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” (lote 1) e “Bouzas” (lote 2), expediente 62777-332 . Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto polo SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación da xestión parcial das Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” (lote 1) e “Bouzas” (lote 2), expediente 62777-332 do Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(250).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CD BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23491/333.

Visto o informe xurídico do 22/03/2024 e o informe de fiscalización do 05/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 170.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890005 a favor da entidade CD BOSCO polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CD BOSCO conta cun equipo de elite na modalidade de Baloncesto na categoría Liga Feminina Endesa actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Feminina Endesa hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CD BOSCO e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da actuación responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CD BOSCO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para os e as xóvenes deportistas, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890005 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CD BOSCO durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CD BOSCO para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 170.000,00 € a favor da entidade CD BOSCO co CIF: G36692317 e enderezo social en Ronda de Don Bosco, 33, Bj (CP 36202) en Vigo, segundo resulta da documentación do expediente núm. 23491-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890005 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CD BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23491-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. Juan Carlos Álvarez Pacios con DNI 34927761F como presidente da entidade CD BOSCO CIF: G36692317 e enderezo social na Ronda de Don Bosco, 33, Bj (CP 36202), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 23491-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar o desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CD BOSCO durante a tempada 2023-2024. A enti-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

dade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Feminina Endesa desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CD Bosco desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CD BOSCO impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890005 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 170.000,00 €, a favor da entidade deportiva CD BOSCO.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CD BOSCO na tempada deportiva 2023-2024.

VI.- Que a entidade CD BOSCO non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23491-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CD BOSCO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CD BOSCO comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CD BOSCO na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CD BOSCO (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CD BOSCO unha subvención por importe de 170.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890005 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do

proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartalaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha

antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do convenio, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

11(251).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CORUXO FC EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024. EXPTE. 23501/333.

Visto o informe xurídico do 22/03/2024 e o informe de fiscalización do 05/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/03/2024, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 160.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890017 a favor da entidade CORUXO FC polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2023-2024.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

En relación a esta actuación de fomento da actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CORUXO FC conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol na categoría 2ª RFEF actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ª RFEF hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2023-2024, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CORUXO FC e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuindo, en liña co establecido no dito plan, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para os e as xóvenes deportistas, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CORUXO FC para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

registro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o registro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890017 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CORUXO FC durante a tempada deportiva 2023-2024 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non

será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CORUXO FC para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2023-2024 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 160.000,00 € a favor da entidade CORUXO FC co CIF: G36708212 e enderezo social en Alameda Torreiro, 1 (36214) en Vigo, segundo resulta da documentación do expediente núm. 23501-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890017 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO FC EN BASE Ó
DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSI-
DERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024 (EXPTE. 23501-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. Gustavo Falque Comesaña como presidente da entidade CORUXO F.C. CIF: G36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao S/N (CP 36330), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 23501-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto de este convenio é subvencionar o desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CORUXO FC durante a tempada 2023-2024. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría 2ª RFEF desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

A entidade CORUXO FC desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2023-2024.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CORUXO FC impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890017 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 160.000,00 €, a favor da entidade deportiva CORUXO FC.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CORUXO FC na tempada deportiva 2023-2024.

VI.- Que a entidade CORUXO FC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello

de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 23501-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CORUXO FC conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CORUXO FC comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2023-2024.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CORUXO FC na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CORUXO FC (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CORUXO FC unha subvención por importe de 160.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890017 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2023-2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2023-2024 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartalaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

estabelece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2023-2024. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do convenio, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

12(252).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2023/2024. EXPTE. 23533/333.

Visto o informe xurídico do 21/03/2024 e o informe de fiscalización do 04/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INTRODUCCIÓN

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A procura dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intere-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.

- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 “subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro”, un crédito por un importe total de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo e nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información

pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades deportivas obxecto da convocatoria e a súa condición de ser entidades sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para as actividades e proxectos deportivos da tempada 2023/2024 e súa convocatoria.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) con cargo á partida orzamentaría 3410.489.00.00 “Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro” do orzamento do ano 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2023/2024.

O obxecto desta convocatoria é a promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, ao abeiro das competencias municipais previstas no art. 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita competencia atopase recollida no art. 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuindo, en liña co establecido no dito plan, a apoiar ó tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo como reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación vinculados cos valores deportivos, a mellorar os recursos para a dinamización de proxectos deportivos na cidade de Vigo, a colaborar cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués, a colaborar co desenvolvemento de proxectos deportivos que garantan ós e ás xóvenes deportistas da cidade unha continuidade e futuro no seu entorno, a optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo, e a fomentar a actividade deportiva como vehículo e ferramenta vinculada da vida sa.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo, nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuir a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2023/2024 ou durante o ano 2024 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas. Estes gastos poderán ter relación entre outros a

gastos de pagamento de licencias federativas, viaxes, aloxamentos e comidas, arbitrxes, adestradores, alugamento de instalacións deportivas, gastos telefónicos, etc. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins ao longo da tempada 2023/2024, quedando excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

As subvencións ós clubs teñen un carácter único e, aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade durante a tempada. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

A tempada deportiva 2023/2024 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos recabados das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou dos deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de deportes, no informe que se axuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións tramitadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2023/2024.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a solicitude ou obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto da presente subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento da solicitude ou en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2023/2024.

4. As entidades deberán estar integradas na federación correspondente, tendo a obriga de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2023/2024 ou no ano 2024 se se trata de modalidades que desenvolven a súa tempada por ano natural. Exceptuarase da obriga de estar integradas nunha federación deportiva a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:

- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.
- Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.

5. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

6. Débedas coas Administracións Públicas:

- As entidades que soliciten subvencións por importe superior a 3.000,00€ deberán :
 - ◆Acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
 - ◆De acordo co establecido no art. 22 da LXS, a presentación da solicitude de subvención implicará a autorización da entidade solicitante para que o Concello de Vigo obteña os certificados telemáticos relativos ao cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (arts. 18 e 19 LXS) e co Concello de Vigo.
- As entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

Non obstante, o solicitante poderá rexeitar expresamente o consentimento para a obtención dos certificados de débedas ao abeiro do establecido no apartado 4 do artigo 22 do RLXS, debendo aportar neste caso as certificacións necesarias nos termos previstos nas bases da convocatoria.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas nos arts. 14 da LXG e art. 11 da LSG, as que seguen:

- a) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

- c) Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito para o procedemento de concesión da subvención.
- d) Dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
- e) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- f) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 87 puntos:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 20 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

- Desenvolvemento dun programa de deporte de base.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial (provincial autonómico, nacional ou internacional) das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

a.2. Organización de eventos deportivos que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase un só evento por entidade.

A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo.

Para ser tido en conta, o proxecto deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado de acordo cos criterios indicados de valoración.

Valorarase de forma xeral os proxectos, con ata 20 puntos, sempre que estes reúnan as condicións mínimas para que se consideren técnica e economicamente viables e tendo en conta os seguintes criterios:

- Volume de participación.
- Nivel deportivo da competición.
- Oficialidade da competición (incluída no calendario oficial da federación)
- Ámbito territorial da competición (Internacional, nacional, autonómico, provincial ou local).
- Antigüidade do proxecto.
- Atención ó deporte feminino.
- Atención ó deporte adaptado.
- % de financiamento privado.

b) Promoción do deporte base: Número total de licencias de base (ata categoría previa á absoluta incluída). Ata 22 puntos

Volume total de licencias ata a categoría previa á absoluta e puntuación (*excepto Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, Ludo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- 1 punto: De 10 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 200 licencias.
- 10 puntos: De 201 a 250 licencias.
- 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 14 puntos: De 301 a 350 licencias.
- 16 puntos: De 351 a 400 licencias.
- 18 puntos: De 401 a 450 licencias.
- 22 puntos: >450

Volume total de licencias de base (ata categoría previa á absoluta incluída) para Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, ludo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 4 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 5 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 7 puntos: De 1.201 a 1.300 licencias.
- 9 puntos: De 1.301 a 1.400 licencias.
- 12 puntos: De 1.401 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.
- 22 puntos: > de 2.000 licencias.

c) Promoción do deporte feminino:

c.1. Número de licencias FEMININAS DE CATEGORÍAS PREVIAS Á ABSOLUTA: Ata 5 puntos
Volume de licencias FEMININAS DE CATEGORÍAS PREVIAS Á ABSOLUTA (*excepto Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, ludo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 45 licencias.
- 3 puntos: De 46 a 60 licencias.
- 4 puntos: De 61 a 90 licencias.
- 5 puntos: >90 licencias.

Volume de licencias FEMININAS DE CATEGORÍAS PREVIAS Á ABSOLUTA para Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, ludo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 65 a 125 licencias.
- 2 puntos: De 126 a 250 licencias.
- 3 puntos: De 251 a 350 licencias.
- 4 puntos: De 351 a 450 licencias.
- 5 puntos: >450 licencias.

c.2. Número de licencias FEMININAS CATEGORÍA ABSOLUTA: Ata 2 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, ludo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 puntos: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: >100 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades Subacuáticas, Golf, Hípica, ludo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 150 a 300 licencias.
- 2 puntos: >300 licencias.

d) Deporte e discapacidade: 3 puntos.

Outorgaranse 3 puntos ós proxectos deportivos de entidades deportivas federadas cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

e) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais para adestramentos e competicións deportivas. Ata 15 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 15, por cada 600,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2023. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 600,00€ de gasto acreditado.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2023/2024, ou en calquera caso, no ano 2024 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.

2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a totalidade das solicitudes admitidas no proceso.

3.- O importe máximo da subvención a unha entidade será de 30.000,00€ e non poderá superar o 100% do custo total da actividade. En caso de superarse estes límites, aplicarase o factor de corrección necesario.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente pola persoa que represente da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

Todas as solicitudes, así coma as posibles emendas telemáticas, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos da tempada 2023/2024.
- Anexo I.3: Declaración responsable.
- Anexo I.4. Certificado da Federación no que se detalle definido o número de licencias **desglosado por categoría e xénero**, da tempada 2023/2024, ou do ano 2024 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Documento emitido pola Xunta de Galicia que acredite a composición da actual xunta directiva ou documento acreditativo da representación do solicitante ao abeiro do establecido polo art. 5 da Lei 39/2015, de PAC que acredite a composición da actual xunta directiva
- Copia do D.N.I. da persoa representante da entidade que formule a solicitude de subvención.
- Proxecto das actividades da entidade que desenvolva, como mínimo, os apartados do seguinte índice:
 - ÍNDICE MEMORIA:
 1. Descrición xeral da entidade que inclúa datos sobre a estrutura da mesma (Técnica e administrativa), a antigüidade do proxecto, valoración/descrición da repercusión social no seu ámbito de actuación, etc.
 2. Relación numerada de competicións nas que os/as deportistas e/ou equipos da entidade participan durante a tempada regular, que conteña:
 - Relación de equipos (no caso de deportes colectivos) ou de competicións (no caso de modalidades individuais) nas que se detalle:
 - Categoría de cada competición.
 - O ámbito territorial de cada unha das competicións (local/provincial, autonómico, nacional ou internacional).

- O número de xornadas da competición regular de cada un dos equipos ou das competicións no caso de modalidades individuais.
 - Xénero dos/das deportistas en cada un dos casos.
3. Relación e descrición de actuacións paralelas á competición federada que a entidade desenvolve:
- Participación no programa municipal de escolas deportivas.
 - Actuacións ou iniciativas orientadas a colectivos vulnerables.
 - Actuacións ou iniciativas orientadas á igualdade.
 - Actuacións ou iniciativas orientadas ó deporte de formación.
 - Actuacións ou iniciativas orientadas ó deporte de alto nivel.
4. Información gráfica: Imáxenes de competicións, deportistas, etc.

- ▣ **Só para solicitantes de subvención por importe superior a 3.000,00 €**, Certificado de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa **Consellería de Facenda da Xunta de Galicia**.
- ▣ **Só para solicitantes de subvención pola organización de eventos: Documentación obrigatoria:**
 - Anexo I.5. Orzamento evento deportivo.
 - Anexo I.6. Ficha resumo do evento
 - Proxecto do evento completo.

3.- De conformidade co establecido na base quinta en relación cos arts. 14 da LXS e 22 do RLXS, para a tramitación deste procedemento o Concello de Vigo obterá de oficio os seguintes documentos elaborados polas diferentes administracións públicas, coa excepción do Certificado da Consellería de Facenda (ATRIGA) que deberá presentar expresamente cada solicitante respecto a ditas débedas con dita administración:

- Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitada no formulario e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou emende a mesma no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDUREMTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Aos efectos da LXS enténdese que se subcontrata cando a entidade solicitante concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por sí mesma da actividade subvencionada (art. 29.1 LXS).

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2024 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. "Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan".

2.- Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable
- Anexo II.3. Balance de ingresos e gastos
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluíranse os datos referentes ás competicións nas que participaron os equipos ou deportistas vinculados á entidade, os equipos ou deportistas que a integran, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico,...).
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
 - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
 - **Datas de emisión das facturas:**
 - Nas modalidades cuxa tempada se corresponda co ano natural 2024 admitiranse facturas do período comprendido entre 15 de outubro de 2023 e 15 de outubro de 2024. No resto de modalidades admitiranse facturas con data de emisión comprendida entre os 30 días previos ó inicio da competición e a data de fin de tempada detallados pola Federación no Anexo I.5.
 - **Importe xustificativo:** Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
 - Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.
 - Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.
 - Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou pola propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

- **Instalacións Deportivas:** O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas das entidades beneficiarias en concepto de usos de instalacións deportivas municipais durante o ano 2023, e incorporará o dato correspondente á valoración da solicitude.
- Nas subvencións concedidas a entidades dependente ou vinculadas á Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó art.31.7.e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. Perda do dereito ao cobro:

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da LSG e no Título IV da LXS, así como no previsto na normativa de desenvolvemento.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, a solicitude da beneficiaria, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXOS

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE					
SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADE DEPORTIVAS TEMPADA 2023/2024					
Entidade				CIF:	
Modalidade:					
Enderezo			Localidade:		CP:
Tlf. 1		Tlf.2		Fax:	
E-Mail a efectos de notificación					
E na súa representación, co cargo de Presidente/a:					
Apelidos:			Nome:		DNI:
Enderezo:			Localidade:		CP:
Tlf 1:		Tlf 2:		E-mail:	

SOLICITA,

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención con cargo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola actividade desenvolvida pola entidade durante a Tempada deportiva 2023/2024 por importe de:

IMPORTE SOLICITADO (Campo obrigatorio)	€
---	---

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos da Tempada 2023/2024 ou 2024 nos casos de duración ano natural.
4. Anexo I.3: Declaración responsable.
5. Anexo I.4: Certificado emitido pola Federación da modalidade no que conste nº de licencias por categoría e por xénero.
6. Proxecto completo de actividade.
7. Acreditación da composición da actual xunta directiva.
8. Copia do DNI da persoa representante da entidade que formule a solicitude de subvención
9. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
10. Copia do CIF da entidade solicitante.
11. **Só para entidades que soliciten subvención por importe superior a 3.000,00€, Certificado emitido pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ó corrente coas obrigas tributarias.**
- Só para entidades que soliciten subvención pola organización dun evento deportivo:**
12. Anexo I.5. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos do evento.
13. Anexo I.6. Ficha resumo do evento.
14. Proxecto/Memoria completo do evento: A solicitude de subvención, para ser valorada, deberá ser presentada xunto cunha memoria completa e detallada da actividade realizada ou a realizar, e cun orzamento de ingresos/gastos detallado diferenciado do orzamento xeral da entidade.

ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos relativos as obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social. No caso de non outorgar o consentimento deberá marcar a seguinte casilla:
 En consecuencia achego certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social.

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Sinatura dixital do/a presidente/a

Vigo, de de 20__

Sr. CONCELEIRO DELEGADO DE DEPORTES



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ANEXO I.2.- ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS TEMPADA 2023/2024

Don/Dña		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF.	

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos previsto para a tempada 2023/2024 son os seguintes:

CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE
Ingresos socios	€
Ingresos patrocinadores Privados	€
Subvención Concello de Vigo (Debe coincidir co importe da subvención solicitada ó Concello de Vigo detallada no Anexo I.1)	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS* (Debe coincidir co importe do total de gastos)	€

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos (Licencias e mutualidades)	€
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos aluguer instalacións	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS* (Debe coincidir co importe do total de ingresos)	€

Vigo, de de 20

Sinatura dixital do/a secretario/a	Sinatura dixital do/da presidente/a
------------------------------------	-------------------------------------

***Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.**

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como oponse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dna.		DNI.	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF	

Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para a tempada deportiva 2023/2024:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
Concello de Vigo (Importe solicitado no anexo I.1).	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

- Que esta entidade deportiva non está incursa en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta na acta nº da sesión da xunta directiva celebrada na data, D/Dna..... con DNI:, figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.
- **No caso de ter solicitado unha subvención por importe inferior a 3.000.00€: declara,** que a entidade se atopa ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituíndo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.
- Que o **Nº de conta actual da entidade** na que solicita se faga o ingreso da subvención é:

Nº IBAN	ENTIDADE	SUCURSAL	DC	NÚMERO DE CONTA

Vigo, de de 20

Sinatura dixital do/a secretario/a	Conforme o/a presidente/a
------------------------------------	---------------------------

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ANEXO I.4.-DECLARACIÓN RESPONSABLE DA FEDERACIÓN

Don/Dna.		DNI.	
Secretario/a da Fed. Galega da modalidade de		CIF	

CERTIFICA que son certos os datos que a continuación se detallan en relación á tempada deportiva 2023/2024 (ou ó ano 2024 en aquelas modalidades cuxa tempada sexa anual):

ENTIDADE:		CIF	
-----------	--	-----	--

DATAS OFICIAIS DO CALENDARIO DE COMPETICIÓN DA MODALIDADE	MES DE INICIO:		MES DE FIN:	
---	----------------	--	-------------	--

Nº TOTAL DE LICENCIAS DA ENTIDADE	
Nº LICENCIAS DE DEPORTISTAS DE CATEGORÍAS ANTERIORES Á ABSOLUTA:	
Nº LICENCIAS DE DEPORTISTAS FEMININAS CATEGORÍAS PREVIAS Á ABSOLUTA:	
Nº LICENCIAS DE DEPORTISTAS FEMININAS CATEGORÍA ABSOLUTA:	
Nº LICENCIAS DE TÉCNICOS E AUXILIARES:	

En a de de 20

Sinatura dixital do/a secretario/a Federación	Sinatura dixital do/a presidente/a Federación
---	---

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A **finalidade** do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O **prazo de conservación** dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os **datos** poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O **órgano responsable do ficheiro** (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

SÓ PARA ENTIDADES ORGANIZADORAS DE EVENTOS DEPORTIVOS

ANEXO I.5.-ORZAMENTO EVENTO DEPORTIVO

NOME DO EVENTO		
Don/Dna		DNI
Secretario/a da entidade deportiva		CIF.

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos para o evento deportivo son os seguintes:

CONCEPTO INGRESOS DO EVENTO	IMPORTE
Ingresos participantes	€
Ingresos patrocinadores Privados	€
Concello de Vigo (Só para o evento)	€
Fundación Deporte Galego (Só para o evento)	€
Deputación de Pontevedra (Só para o evento)	€
Outras subvencións do Concello de Vigo (Só para o evento)	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS* (Debe coincidir co importe do total de gastos do evento)	€

CONCEPTO GASTOS DO EVENTO	IMPORTE
Gastos federativos	€
Gastos Material	€
Gastos aluguer instalacións	€
Gastos persoal	€
Outros...	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS* (Debe coincidir co importe do total de ingresos do evento)	€

Vigo, de de 20__

Sinatura dixital do/a secretario/a	Sinatura dixital do/da presidente/a
------------------------------------	-------------------------------------

***Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.**

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

SÓ PARA ENTIDADES ORGANIZADORAS DE EVENTOS DEPORTIVOS

ANEXO I.6.-FICHA RESUMO DO EVENTO DEPORTIVO

NOME DO EVENTO			
Don/Dna		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF.	

Certifica que son certos os datos detallados a continuación:

Breve resumo do evento, que inclúa información sobre o impacto e repercusión mediática e social prevista ou acadada na cidade (Público, medios de comunicación, RRSS, ocupación hoteleira....):

Nº deportistas participantes (Non técnicos nin auxiliares):			
Nivel deportivo da competición:	Internacional		
	Nacional		
	Autonómico		
	Provincial		
	Local		
Incluída no calendario oficial da federación (Si/Non):			
Antigüidade do proxecto (Edición)			
Atención ó deporte feminino (Sí/Non)			
Atención ó deporte adaptado (Sí/Non)			
% de financiamento privado.			

Vigo, de de 20__

Sinatura dixital do/a secretario/a	Sinatura dixital do/da presidente/a
------------------------------------	-------------------------------------

***Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.**

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio leítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

Entidade		CIF		
Enderezo		Localidade	C.P.	
Tef.		E-Mail		

Subvención concedida polo Concello de Vigo		€		
Importe xustificado	Base Imponible		€ IVE	€

Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Concepto do gasto	*Base imponible	* IVE

Suma e segue...

- Tal como se reflexa no Art. 16.2.c.2º da normativa reguladora desta subvención, terase en conta como importe xustificativo a *Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente* que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se certifique no anexo II.2 que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	concepto do gasto	*Base im- poñible	*IVE
Suma anterior...			

TOTAL	Base Impoñible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

D. _____ DNI _____ secretario/a da entidade
CIF: _____ certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de _____ € de base im-
poñible, e _____ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de de 20__	
Sinatura dixital do/da Presidente/a	Sinatura dixital do/da secretario/a

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante
O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de€ **(CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)**
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, coa TGSS e co Concello de Vigo.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo. **De non ser así** marcar:
- Que esta entidade deportiva ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do mesmo proxecto de actividade subvencionado polo Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20__

Sinatura dixital do/da secretario/a	Sinatura dixital do/da Presidente/a
-------------------------------------	-------------------------------------

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.
A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.
Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.
As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ANEXO II.3.-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos socios	€
Ingresos patrocinadores	€
Concellería de deportes	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
...	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos (Licencias e mutualidades)	€
Gastos Material	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos aluguer instalacións municipais	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 20

Sinatura dixital do/da secretario/a:	Sinatura dixital do/da Presidente/a:
--------------------------------------	--------------------------------------

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lécitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

S.ord.12/04/2024

ANEXO III.1.

Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2023/2024.

O obxecto desta convocatoria é a promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, ao abeiro das competencias municipais previstas no art. 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita competencia atopase recollida no art. 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2023/2024.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) que faranse efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro".

TERCEIRA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. En relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- As entidades subvencionadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria, tramitados a través da Concellería de deportes na tempada 2023/2024.

4. As entidades deberán estar integradas na federación correspondente, tendo a obriga de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2023/2024 ou no ano 2024 se se trata de modalidades que desenvolven a súa tempada por ano natural. Exceptuarase da obriga de estar integradas nunha federación deportiva a entidades que cumpran un dos seguintes requisitos:

- Desenvolvan na cidade programas específicos de actividade física orientados exclusivamente á terceira idade e de duración anual.
- Desenvolvan programas de organización ou participación en competicións de ámbito nacional ou internacional destinadas a corpos, forzas de seguridade e bombeiros.
- Desenvolvan en Vigo programas polideportivos de competición deportiva non federada, cunha duración regular e unha participación mínima acreditada de 2.500 deportistas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2024 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- PAGO.

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

ANEXO III.3.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data de 2024, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2023/2024.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento das entidades deportivas da cidade e a súa actividade deportiva durante a tempada deportiva 2023/2024.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 1.100.000,00€ (Un millón cen mil euros) con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00.

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as bases e convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 15 de outubro de 2024 (Incluído).

13(253).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “IV VIGO COPA DE ESPAÑA”. EXPTE. 23557/333.

Visto o informe xurídico de data 02/04/2024 e o informe de fiscalización do 05/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 06.03.24 O Club Ciclista Rías Baixas solicitou, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 240080201) a solicitude de subvención pola organización na cidade de Vigo da “IV Vigo Copa de España”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, colaborar co desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, colaborar no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.

O evento obxecto da presente proposta contribúe ó cumprimento dos ditos obxectivos o que fundamenta a proposta de subvención.

2.- FUNDAMENTOS

a.- CONSIDERACIÓNS XERAIS:

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

Esta competición servirá, entre outras cuestións para:

- Estimular o turismo na cidade, incrementando a demanda de aloxamentos.
- Promocionar a cidade de Vigo como cidade do deporte, colocándoa como referencia da modalidade a nivel nacional.
- Posicionar a Vigo como polo nacional da modalidade.
- Proxectar a imaxe da cidade a nivel nacional.
- Atraer inversións á cidade do ámbito deportivo.
- Servir de referencia para os e as xóvenes deportistas da cidade.
- Potenciar a marca Vigo como cidade do deporte.

O obxectivo desta actuación de fomento, responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

6. Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
7. O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
8. Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A vixencia do convenio é pola organización do evento deportivo "IV Vigo Copa de España", tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado. En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro, e por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

b.- MOTIVACIÓN:

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós mellores equipos ciclistas do país.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Na Copa de España de Ciclismo que se vai celebrar en Vigo forma parte do Circuito das 11 mellores probas a nivel nacional, sendo a competición de Vigo a derradeira e convertíndoa polo tanto na definitiva do calendario e onde se decide a clasificación xeral.

Na competición participan os mellores 25 equipos de España, conformando un pelotón de case 200 ciclistas.

A cobertura mediática do evento ten un carácter extraordinario, tendo presenza tanto en medios locais como Faro de Vigo, Atlántico Diario, La Voz de Galicia...., como diarios de tirada nacional como Mundo Deportivo, Radios como a Cadena SER, Cope, Radio Galega...., Webs importantes do ámbito do ciclismo como El Pelotón, Zikoland, Esciclismo, Ciclo21, Biciatismo,....

A estes medios se engadirá o seguimento en TV e streaming en Teledeporte, TVG, TeleVigo, SportPublic ou EMESPORT.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión nacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores ciclistas do panorama nacional e cunha asistencia de público de gran volume, cuestións que se traducirán nun retorno importantísimo para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Club Ciclista Rias Baixas para a realización do Evento deportivo “IV Vigo Copa de España” e aprobar o texto do convenio que a regula.
- SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 € a favor da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23557-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890001 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO A FAVOR DO CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “ IV VIGO COPA DE ESPAÑA ” (EXPTE. 23557/333).

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. Jose Luís Chamorro Pérez como presidente da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 23557/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é fomentar o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “IV Vigo Copa de España” organizado polo Club Ciclista Rias Baixas, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

O Club Ciclista Rías Baixas propón a celebración na cidade de Vigo da “Copa de España de Ciclismo”, unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, no centro de atención internacional do ciclismo.

II.-Que a entidade Club Ciclista Rías Baixas organizará, a “Copa de España de Ciclismo” na cidade de Vigo, de gran e espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor do Club Ciclista Rías Baixas por importe de 20.000,00 €.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo “Copa de España de Ciclismo”.

VI.- Que a entidade Club Ciclista Rías Baixas non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Ciclista Rías Baixas materializan o seu interese e acordan a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Club Ciclista Rías Baixas comprométese a organizar a “Copa de España de Ciclismo” na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluírán:

1º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento deportivo.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do Club Ciclista Rías Baixas (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente ó Club Ciclista Rías Baixas unha subvención por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor e a súa bolsa de vinculación mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo "Copa de España de Ciclismo". A tramitación do pago da subvención realizarase,

unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor

por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "Copa de España de Ciclismo".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:
- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

14(254).- REAXUSTE DE ANUALIDADES NO EXPEDIENTE DE “CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES”. EXPTE. 5162/611.

Visto o informe de fiscalización do 03/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/04/2024, asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo e conformado polo concelleiro-delegade e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE
Expd.5162-611*

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 22 de marzo do 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 22 de marzo do 2023.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 18.884.651,96 euros euros con iva, sendo o IVE a soportar pola administración de 3.277.501,58 euros.

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

ANOS	PERIODO	IMPORTE CON IVE
2023	01/07/2023 ata 31/12/2023	2.360.581,50 €
2024	01/01/2024 ata 31/12/2024	4.721.162,99 €
2025	01/01/2025 ata 31/12/2025	4.721.162,99 €
2026	01/01/2026 ata 31/12/2026	4.721.162,99 €
2027	01/01/2027 ata 30/06/2027	2.360.581,50 €

Importes de aplicación anual a cada partida orzamentaria.

		% diu- tribución	2023	2024	2025	2026	2027
Partida orza- mentaria	Coste variable monitores						
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	66.060,00 €	132.120,00 €	132.120,00 €	132.120,00 €	66.060,00 €
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	74.845,98 €	149.691,96 €	149.691,96 €	149.691,96 €	74.845,98 €
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRA- VESAS	32,05 %	211.722,30 €	423.444,60 €	423.444,60 €	423.444,60 €	211.722,30 €
3420 2279909	MONITORES PISCINA LA- VADORES	21,45 %	141.698,70 €	283.397,40 €	283.397,40 €	283.397,40 €	141.698,70 €
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	106.686,90 €	213.373,80 €	213.373,80 €	213.373,80 €	106.686,90 €
3420 2279913	MONITORES PISCINA VA-	9,02 %	59.586,12 €	119.172,24 €	119.172,24 €	119.172,24 €	59.586,12 €

		% diistribución	2023	2024	2025	2026	2027
	LADARES						
subtotal		100%	660.600,00 €	1.321.200,00 €	1.321.200,00 €	1.321.200,00 €	660.600,00 €
Partida orzamentaria	Costes fixos	% distribución	2023	2024	2025	2026	2027
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	628.993,15 €	1.257.986,31 €	1.257.986,31 €	1.257.986,31 €	628.993,15 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	356.996,11 €	713.992,23 €	713.992,23 €	713.992,23 €	356.996,11 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	424.995,37 €	849.990,75 €	849.990,75 €	849.990,75 €	424.995,37 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	288.996,85 €	577.993,71 €	577.993,71 €	577.993,71 €	288.996,85 €
subtotal		100 %	1.699.981,50 €	3.399.962,99 €	3.399.962,99 €	3.399.962,99 €	1.699.981,50 €

O contrato financiarase con cargo as partidas orzamentarias do orzamento de deportes, e da bolsa de vinculación.

34202279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	632.875,52
34202279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	360.686,09
34202279906	SERVIZO PISCINA TEIS	427.483,46
34202279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	293.888,77
34202779904	MONITORES XIMNASIO BERBES	63.925,36
34202279905	MONITORES XIMNASIO CARME	69.265,44
34202279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	184.510,79
34202279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	137.589,90
34202279910	MONITORES PISCINA TEIS	101.129,46
34202279913	MONITORES PISCINA VALADARES	69.832,68
34202279919	FORMATIVA DESFIBRILADORES	2.000,00
34202270602	REDACCIÓN PROXECTOS	18.000,00
34202210400	VESTIARIO PERSOAL	6.000,00

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 12 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Desistir do procedemento de adjudicación do procedemento aberto dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de Deportes polas razóns expostas no precedente informe.”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Terceiro.- En data 7 de xullo de 2023, D. Javier García Linares, en nome e representación de FCC Aqualia, S.A (en adiante, Aqualia ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo da XGL de desistencia do procedemento.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do , adoptou o seguinte acordo:

"1º.-Tomar razón da Resolución nº 144/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 127/2023, interposto por FCC AQUALIA SA contra o acordo de desistencia da licitación titulada "-Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés. - Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios. - Servizos complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor e a súa fonte de enerxía; a atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo", expediente 5162-611 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima parcialmente o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por FCC AQUALIA SA contra o acordo de desistencia da licitación titulada "-Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e O Berbés. - Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios. - Servizos complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor e a súa fonte de enerxía; a atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo", expediente 5162-611 do Concello de Vigo.

2. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento da valoración do sobre C e tendo en conta esta resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia."

Quinto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Total
1	FCC AQUALIA, S.A.	81
2	SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A.	71,13

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, S.A., o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 22 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido. Tamén presenta documentación o 11 de outubro, fora do prazo concedido que, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede igualmente admitir.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas e D. Fernando González Abeijón que se absteñen.

Oitavo.- A Xunta de Goberno Local don data 20 de outubro de 2023 acorda adxudicara o Contrato a FCC AQUALIA, S.A. coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 18.726.537,95 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.250.060,30 € euros.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- b) *Propón como prezo unitario de monitor hora fixado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o pago dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos o de VINTE E DOUS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (22,80 €) (sen IVE), sendo a cota correspondente ao IVE a de CATRO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (4,79 €), o que supón un prezo unitario de monitor hora de VINTE E SETE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (27,59 €)*
- c) *Propón coma porcentaxe de desconto un TRES POR CENTO (3,00%), a aplicar sobre o prezo unitario (calculado tal e como se establece no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP) do término variable da enerxía térmica útil en kw/h.*
- d) *Propón un incremento de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) con respecto ao importe anual mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do PPTP, destinado á substitución de materiais non funxibles.*
- e) *Propón un incremento de SESENTA E UN MILLÓNS DE EUROS (61.000.000,00 €) do importe mínimo da cobertura da póliza de responsabilidade civil, segundo se recolle no apartado 13.A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- f) *Propón un incremento de CINCO (5) ANOS aos tres anos de experiencia da persoa responsable do contrato que figura no apartado 5.F.2 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Noveno.- Con data 16 de outubro se asina o contrato entre o Concello de Vigo e FCC Aqualia, S.A. no que se recollen as condicións do punto Oitavo.

Consideracións:

No acordo da Xunta de Goberno Local, apartado a) prezo total do contrato contemplase un importe de 18.726.537,95, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.250.060,30 euros. En dita cantidade contemplouse a totalidade do gasto da parte fixa do contrato para os catro anos segundo a oferta de FCC Aqualia de 10.382.819,23 euros, o gasto da enerxía térmica para os catro anos de 3.058.918,72 euros e o gasto da parte variable correspondente a docencia polo total dos catro anos por un importe de 5.284.800,00 euros.

No cadro da memoria **económica, pax. 4 do expediente de contratación recóllese “que a carga máxima en horas docentes anuais que se contempla no contrato é de 45.000 hrs., as cales se irán distribuindo en función da oferta e a demanda de cada un dos centros de traballo”**. Dita cantidade non quedou recollida no apartado das FEC de xeito expreso. O que se recolle en dito apartado é que o **“contrato é en función de necesidades nos aspectos relativos a enerxía térmica e a actividade docente”**.

Se multiplicamos o importe da oferta do licitador, apartado de prezo hora monitor actividade docente 27,59 c/ive polo número de horas máximo ano , 45.000,00 hrs recollido na memoria económica, o importe económico de gasto para este apartado

sería de 1.241.550 € ano o que supón 4.966.200,00 euros para os catro anos de contrato.

Tendo en conta que no ano 2023 realizáronse 41.599,75 hrs, no ano 2022 42.365,25 sendo estes últimos anos mais normalizados trala pandemia (2020 e 2021) e que no ano 2019 realizáronse 42.803,75 hrs., e no 2018 42.489,50 hrs, propónse o reaxuste de anualidades do contrato na parte de monitores, xa que se considera suficiente o crédito de 1.241.550 euros para as 45.000 hrs., calculadas como máximo para a xestión do contrato.

As horas desenvolvidas no mes de xaneiro e febreiro de 2024 asecenden a cantidade de 4.215,50 e de 4.060,50 por debaixo das horas do meses de xaneiro e febreiro do ano 2019(pre pandemia) 4.515,75 e 4.171,00 respectivamente, tendo en conta, ademais que nos anos 2019, 2020,2021, 2022 e 2023, anterior contrato o número máximo de horas estaba en 44.500,00 hrs.

A vista do anterior propónse a seguinte reaxuste de anualidades de gasto na parte variable de docencia monitores:

a.3) parte variable docencia 45.000,00 horas máximo ano (180.000 horas catro anos), 4.966.200,00 euros, (1.241.550 euros ano), importe por hora de adxudicación de 27,59 €/hr-con IVE.

A distribución das anualidades de gasto para a actividade docente dos anos 2024 a 2027 e o que queda recollido na táboa 1, co reaxuste correspondente ao concepto variable de monitores, táboa 1, ao considerar que o gasto de dita parte se axustará a 45.000 hrs, de docencia, non sobrepasando nunca dita cantidade tendo en conta os antecedentes descritos.

Táboa 1 Monitores actividade docente

	%		anual %	2024	2025	2026	2027
Coste variable monitores		oferta					(9 meses +16 días)
MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	1.241.550,00 €	124.155,00 €	124.155,00 €	124.155,00 €	124.155,00 €	107.601,00 €
MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	1.241.550,00 €	140.667,62 €	140.667,62 €	140.667,62 €	140.667,62 €	121.911,93€
MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	1.241.550,00 €	397.916,78 €	397.916,78 €	397.916,78 €	397.916,78 €	344.861,21€
MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	1.241.550,00 €	266.312,48 €	266.312,48 €	266.312,48 €	266.312,48 €	230.804,15€



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	1.241.550,00 €	200.510,33 €	200.510,33 €	200.510,33 €	200.510,33 €	173.775,62€
MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	1.241.550,00 €	111.987,81 €	111.987,81 €	111.987,81 €	111.987,81 €	97.056,10€
	100%		1.241.550,00 €	1.241.550,00 €	1.241.550,00 €	1.241.550,00 €	1.076.010,00€

De acordo co previsto no artigo 96.2 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, con data 20.03.94, solicítase a conformidade do contratista á proposta de reaxuste de anualidades (trámite nº 581).

O contratista FCC Aqualia, SA, envía escrito de conformidade co número 240105069 de data 1.04.2024, que se incorpora ao presente expediente no trámite nº 644.

A vista do que antecede **proponse** a Xunta de Goberno Local a autorización de reaxuste das anualidades da parte correspondente o concepto variable de monitores actividade docente do CONTRATO SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES (5162-611) coa seguinte distribución:

Táboa 1. Monitores- actividade docente

	%	oferta	anual %	mes	2024	2025	2026	2027
Coste variable monitores								(9 meses +16 días)
MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	1.241.550,00 €	124.155,00 €	11.286,82 €	124.155,00 €	124.155,00 €	124.155,00 €	107.601,00 €
MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	1.241.550,00 €	140.667,62 €	12.787,97 €	140.667,62 €	140.667,62 €	140.667,62 €	121.911,93€
MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	1.241.550,00 €	397.916,78 €	36.174,25 €	397.916,78 €	397.916,78 €	397.916,78 €	344.861,21€
MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	1.241.550,00 €	266.312,48 €	24.210,23 €	266.312,48 €	266.312,48 €	266.312,48 €	230.804,15€

MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	1.241.550,00 €	200.510,33 €	18.228,21 €	200.510,33 €	200.510,33 €	200.510,33 €	173.775,62€
MONITORES PISCINA VALADARES	9,02 %	1.241.550,00 €	111.987,81 €	10.180,71 €	111.987,81 €	111.987,81 €	111.987,81 €	97.056,10€
	100%		1.241.550,00 €	112.868,18 €	1.241.550,00 €	1.241.550,00 €	1.241.550,00 €	1.076.010,00 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(255).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO CURSO 2022-2023. EXPTE. 75985/332.

Visto o informe de fiscalización do 09/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/03/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 24/11/2022 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

“- Aprobar o gasto por importe total de 5.200.000,00 (cinco millóns douscentos mil) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

- Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan no expediente.

- Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio.”

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 228, de 29 de novembro de 2022.

2.- O referido Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 231, de 2 de decembro de 2022. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 03/12/2022 e 02/02/2023.

3.- En data 09/01/2023, D. Alberto Martínez Couto, con DNI 36087812F, presenta solicitude pola súa filla matriculada nun centro de Vigo en 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria, xunto a unha serie de documentos (expediente 38490/332).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

4.- Tras o período de verificación das solicitudes, o 21/04/2023, a Xunta de Goberno Local acorda, entre outros:

“SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 1) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 2) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.”

No Anexo 2, publicado entre o 26/04 e o 10/05/2023, figura que na solicitude de D. A. MARTÍNEZ COUTO non consta a convivencia con el de ningún menor que cumpra os requisitos da convocatoria.

5.- O solicitante non realiza ningún trámite no período de emenda de solicitudes.

6.- Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 01/06/2023 acorda, entre outros,

“TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 4).

CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 3) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido subsanadas en prazo (Anexo 4) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.”

No Anexo 4, publicado entre o 02/06 e o 02/07/2023, figura que a solicitude de D. A. MARTÍNEZ COUTO non foi subsanada en prazo.

No devandito acordo, recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

7.- O 15/06/2023 don Alberto Martínez Couto, a través de dona Ángeles Lago Martínez, interpón recurso de reposición (doc 230167346) contra o acordo da XGL sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, achegando volante de empadramento familiar que acredita a convivencia do solicitante coa menor pola que solicitara a axuda e alegando que o feito de que a súa filla non figurase na mesma vivenda que o solicitante se debía a un erro no Padrón Municipal de Habitantes.

8.- Solicitado informe ao Servizo de Estatística, este indica en data 01/03/2024 que ambos os proxenitores están empadroados no mesmo domicilio desde o ano 2002 (aínda que figuraban como diferentes inscricións padroais). En data 25/05/2023 esta situación quedou regularizada pasando a estar todos nunha única inscrición padroal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas polo interesado, quen manifesta que presentou a documentación a el requirida para subsanación.

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos que deben cumprir as solicitudes, entre as que se atopa a seguinte:

“b) Que o/a solicitante conviva cos/cás alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).”

Pola súa parte, na base oitava indícanse cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos requisitos, indicándose que o volante de empadramento familiar só será necesario para solicitantes que non estean empadroados en Vigo.

Coa documentación achegada ao expediente, compróbase que o solicitante cumpre os requisitos esixidos nas bases, aínda que no período de verificación das solicitudes non se puidera comprobar a convivencia necesaria por un problema de dobre inscrición padroal no Padrón Municipal de Habitantes.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por don Alberto Martínez Couto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de xuño de 2023, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio – curso 2022/23.

Segundo.- Conceder a D. Alberto Martínez Couto, NIF 36087812F, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por el solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados), por estar acreditado o cumprimento do requisito de convivencia do solicitante coa menor pola que se solicita a axuda.

Terceiro.- Notificar ao interesado o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(256).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA, DE UN INSPECTOR DA POLICÍA LOCAL- OEP 2020-2021. EXPTE. 44143/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións Laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Por acordo de Xunta de Goberno local de data 26/01/2024, **D J. E. Comesaña Rosende, con DNI ***6271**** foi nomeado como persoal **funcionario en prácticas** na categoría de inspector.

O punto segundo do referido acordo dispoñía: “**SEGUNDO.-** *Dispoñer que a persoa nomeada deberá superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 8.3 da convocatoria (Orde de data 01/02/2023 -DOG núm. 28-) como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de inspector, escala executiva, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro. No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.*”

II.- O día 26/01/2024 publicouse no DOG (núm. 19) resolución do 17/01/2024 que convocaba o curso selectivo para o acceso á escala executiva, categoría de inspector, dos corpos da Policía Local.

III.- A AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 01/04/2024, mediante certificado de sinatura dixital 27/03/2024, que D J. E. Comesaña Rosende, con DNI ***6271** superou o cur-

so selectivo para o acceso á escala executiva, categoría de inspector, dos corpos da Policía Local de Galicia (trámite 4 do expediente).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

A) Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policías locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais.

O artigo 16 do referido Decreto, dispón que: “1. *La superación del curso selectivo resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría correspondiente. Sólo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hubieran superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública y los funcionarios que accediesen por movilidad desde la misma categoría desde otros cuerpos de policía local.*

2. *En el caso de la no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales, se considerará que el aspirante no superó el proceso selectivo.*

3. *El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la academia, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos conseguidos en el proceso selectivo.*

De conformidad con lo dispuesto por el artículo 45 de la Ley 4/2007 y el artículo 15 de la Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género, los cursos selectivos incluirán la materia de formación en igualdad de género y de prevención, atención, asistencia y/o tratamiento de situaciones de violencia de género. ”

C) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.*
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase no artigo 60 da lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia: *“...e) Toma de posesión dentro del plazo de un mes a partir de la publicación del nombramiento o dentro del plazo previsto en la correspondiente convocatoria del proceso selectivo”*

D) No presente caso, a AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 01/04/2024, mediante certificado de sinatura dixital 27/03/2024, que D J. E. Comesaña Rosende, con DNI ***6271** superou o curso selectivo para o acceso á escala executiva, categoría de inspector, dos corpos da Policía Local de Galicia (trámite 4 do expediente).

II.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

IV.- Órgano municipal competente

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear, de conformidade co certificado remitido pola AGASP, como persoal funcionario de carreira na categoría de Inspector ao funcionario en prácticas J. E. Comesaña Rosende, con DNI ***6271**, nomeado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 26/01/2024, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria.

SEGUNDO.- O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do

Servizo de Policía Local, a AGASP, e así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(257).- NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL, DE 3 OFICIAIS CONDUTORES (C2) – QUENDA LIBRE OEP 2017-18-19. EXPTE. 43283/220

Visto o informe de fiscalización do 09/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións Laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía tres prazas de Oficial condutor/a, pola quenda libre, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C2 de titulación.

II.- En sesión de data 04/12/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Oficial condutor/a pola quenda de libre, acordou, por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a seguinte proposta:

"(...)Nomear como persoal laboral, unha vez que acheguen toda a documentación esixida nas bases, e con cargo a 3 prazas vacantes de oficial condutor equiparadas ao subgrupo C2 e dotadas coas retribucións básicas e as complementarias propias do posto de traballo a que se adscriba a praza, pola quenda de oposición libre incluídas na Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019, fase 3 de Concello de Vigo, aos seguintes aspirantes que superaron o proceso selectivo:

APELIDOS	NOME	DNI	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	TOTAL
VÁZQUEZ RODRIGUEZ	RAMON ALBERTO	***4731**	8,83	9,95	2,00	20,78
BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ DELMIRO		***4796**	7,17	9,61	1,80	18,58
VÁZQUEZ MARTINEZ	BENITO	***2535**	6,67	10,00	1,60	18,27

(...)"



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 07/12/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 05/04/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Oficial condutor/a (posto 233), así como a cobertura interina:

*“(...)atópanse cubertas interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/08/2022 (expdte. 39883/220), por Ramón Alberto Vázquez Rodríguez con DNI ***4731**, Delmiro Bernárdez Rodríguez con DNI ***4796**, e por Benito Vázquez Martínez con DNI ***2535**, contratados laborais interinos, con efectos do 10 de agosto do 2022, con cargo as prazas vacantes do ano 2018 (...)”*

VI. Toda vez que algunhas das prazas vacantes atópanse cubertas interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/08/2022, polas mesmas persoas nomeadas, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á formalización dos contratos como persoal laboral con cargo á ditas prazas (no apartado terceiro do referido acordo xa se prevía a súa extinción automática no momento no que se cubrisen definitivamente ditas prazas incluídas na OEP 2018, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. “1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103. “El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

“El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho.”

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

II.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como persoal laboral interino con cargo ás prazas vacantes de Oficial condutor/a, correspondentes á oferta de emprego público do ano 2018, a **Ramón Alberto Vázquez Rodríguez con DNI ***4731****, **Delmiro Bernárdez Rodríguez con DNI ***4796****, e **Benito Vázquez Martínez con DNI ***2535****, con efectos dende o día anterior a formalización dos contratos laborais con cargo as devanditas prazas.

SEGUNDO.- Contratar como empregados públicos municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes convocadas de Oficial condutor/a, pola quenda libre, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019, a **Ramón Alberto Vázquez Rodríguez con DNI ***4731****, **Delmiro Bernárdez Rodríguez con DNI ***4796****, e **Benito Vázquez Martínez con DNI ***2535****, que foron propostos polo órgano de selección, por seren os aspirantes que superaron o proceso selectivo e acadaron as maiores puntuacións.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(258).- RECTIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2023. EXPTE. 41400/220.

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/03/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/12/2023, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023, de conformidade cos informes emitidos ao expediente electrónico n.º 41.400/220, informe de fiscalización previa e preceptiva, e coas prazas recollidas no informe técnico de data 29/12/2023.

-Este acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 08/01/2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

II.- Consta Acta da Mesa de Negociación do día 29 de decembro de 2023 (trámite 60 do expediente) onde se recolle o acordo das partes negociadoras de incorporar na OEP-2023 as baixas de persoal municipal pertencente ao Corpo da Policía Local e Bombeiros do Concello de Vigo, causadas por xubilación e outras causas durante o ano 2023 e que non se tiveran en conta no informe técnico que se recollía na proposta de acordo de aprobación.

Consta tamén solicitude do técnico de Xestión da Área de RR.HH e Formación de data 23/01/2024 (trámite 86), onde solicita relación das baixas producidas por xubilación e outras causas do persoal municipal pertencentes á Policía Local (cod. 212) e Extinción de Incendios (Cod. 213) do Concello de Vigo, durante o ano 2023, informe que realizar a técnica de Relacións Laborais en data 24/01/2024 (trámite 89 do expediente).

III.- Con data 01/02/2024, o técnico de Xestión da Área de Recursos Humanos realiza novo informe técnico rectificando unha serie de erros detectados con respecto ao informe do mesmo técnico de data 29/12/2023 que servira de base para a aprobación da Oferta, e recollendo igualmente as baixas de persoal municipal pertencente ao Corpo da Policía Local e do Servizo de extinción de Incendios do Concello de Vigo, causadas por xubilación e outras causas durante o ano 2023, como así se acordara na Mesa xeral de Negociación;

IV- Deste novo informe técnico, déuselle traslado ás representacións sindicais do Concello de Vigo con dereito a participar na Mesa Común Xeral de Negociación.

Constan presentados escritos de data 08/02/2024 por parte das representacións de CC.OO, SICO e UXT, e do 09/02/2024 da CIG, incorporados ao expediente de referencia, onde mostran a súa expresa conformidade coas rectificacións realizadas.

V- Ese informe técnico motivou un informe proposta de data 22/02/2024 para fiscalización ao acordo do órgano competente (trámite 111 do expediente) onde se propoñía a rectificación, conforme ao artigo 109.2 da LPACAP, do acordo da Xunta de Goberno Local de data



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

29/12/2023 polo que se aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023.

VI- Antes de levarse a cabo a fiscalización previa necesaria, o técnico de xestión, en data 07/03/2024 (trámite 129) realiza novo informe de rectificación do anterior que se transcribe parcialmente a continuación:

"...Detectado erro no Informe Técnico de data 01/02/2024 (trámite 92 do expediente), rectifícase ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O erro detectado consiste na relación xurídica da praza de Delineante, onde di "Funcionario", debe dicir: "Laboral". Así mesmo, froito das achegas efectuadas pola concesionaria do contrato para o estudo e revisión do proceso de APT e VPT dos postos de traballo da Policía Local respecto da necesidade de dotación de 1 praza de Intendente Principal, consonte ao establecido nos artigos 24 e 28.3 da Lei 4/2007, do 12 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, e ao abeiro do establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), no Capítulo-I do Orzamento 2023 (Exp.: 40203/220) dispúxose a dotar a plantilla dunha praza de Intendente Principal. En consecuencia, inclúese dita praza na OEP-2023, por Promoción Interna (PI), en aplicación do art. 41 da Lei 4/2007, do 12 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia.

Das prazas que se convocan do Corpo de Policía Local (212), en cumprimento co previsto no precepto 43 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais, parágrafo segundo, un mínimo do 25% ofértase para a súa cobertura por mobilidade. En consecuencia, das 27 prazas vacantes producidas nos anos 2022 e 2023 por xubilación e outras causas no Corpo de Policía Local (212), 6,75 prazas destínanse a Mobilidade Horizontal (O 25% de 27 é 6,75), das cales, 3 prazas destinaranse a Policía, 2 prazas a Oficial, e 1 praza a Inspector, quedando 0,75 praza sobrante que se acumulará á/ás seguinte/s convocatoria/s, tal como se recolle no precepto citado (... Cando non fose posible cubrir as vacantes co porcentaxe sinalado, as fraccións sobrantes se acumularán á seguinte ou seguintes convocatorias).

PRAZAS OEP-2023 POLICIA LOCAL (212)				
	Vacantes/xubilación-2022	Vacantes/xubilación-2023	Cap-I Orzamt-2023	Subtotal
<i>Policia</i>	5	6		11
<i>Oficiais</i>	8	2		10
<i>Inspectores</i>	3	2		5
<i>Intendente Principal</i>			1	1
			Total:	27

	Nº Prazs. Mov. Horizontal 2023
<i>Policía</i>	3
<i>Oficiais</i>	2
<i>Inspectores</i>	1
<i>Total:</i>	6

Resérvase a porcentaxe mínima do 7% dos postos ofertados para a quenda de persoas con discapacidade, en aplicación do R.D. 2271/04 e ao abeiro do art. 59 do RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. O 7% de 92 prazas é 6,44 prazas, tendo en conta que a normativa (apartado 2º do artigo 48 da LEPG e 59 do EBEP) establece para estes supostos que “Cando da aplicación dos porcentaxes resulten fraccións decimais, se redondearán por exceso para su cómputo”, en consecuencia o número de prazas reservadas a persoas con discapacidade son 7, cantidade que se incrementaría coas prazas que fosen incluídas pola quenda de promoción interna. Especificase que a reserva do mínimo do 7% realizárase de maneira que, polo menos o 2% das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual. Por este motivo a OEP-2023 prevé reservar 2 prazas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, xa que o 2% de 92 prazas é 1,84 debendo redondearse a 2.

Polo exposto, a Oferta Pública de Emprego do Concello de Vigo para o ano 2023, unha vez corrixidos os erros detectados, incorporadas as baixas de persoal municipal pertencente ao Corpo da Policía Local (212) e ao Servizo de Extinción de Incendios (213) producidas ao longo do ano 2023, tal como se acordou na Mesa de Negociación do día 29/12/2023, é a que se refire nos seguintes cadro e cadro:

Prazas incluídas na OEP-2023:

Rel. Xur.	PRAZA	Libre	PI	Total
Funcionario	Administrativo/a admon. Xeral	2 (1 Reserv. Discap.)	1	3
Funcionario	Alguacil	1 (1 Reserv Discap. In- telect.)		1
Funcionario	Auxiliar Admon. Xeral	5 (1 Reserv Discap. In- telect.)	2	7
Funcionario	Axud. Tecn Electromecánico	1		1
Funcionario	Bombeiro/a	10		10
Funcionario	Encargado/a Obras Medioam- bientais		1	1
Funcionario	Enxeñeiro/a Camións	2		2
Funcionario	Enxeñeiro/a Industrial	2		2
Funcionario	Enxeñeiro/a Técnico/a Fores- tal	1		1
Funcionario	Inspector/a Control Concesio- narias	1		1
Funcionario	Intendente Principal		1	1
Funcionario	Inspector/a		5 (1-Mov. Hor.)	5
Funcionario	Inspector/a obras, serv. e in- fraestruct.	1	1	2



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Rel. Xur.	PRAZA	Libre	PI	Total
Funcionario	Mestre/a formacion	1		1
Funcionario	Oficial (212-Policia Local)		10 (2-Mov. Hor.)	10
Funcionario	Policía	11 (3-Mov. Hor.)		11
Funcionario	Programador/a informatica	1		1
Funcionario	Tecnico/a medio/a Act. Cult. e Educativas	1		1
Funcionario	Tecnico/a Admon Xeral (R. Econom.)	3		3
Funcionario	Tecnico/a Auxiliar de Seg. e Mobilidade	2		2
Funcionario	Técnico/a de Xestion	2 (1 Reserv. Discap.)	1	3
Funcionario	Técnico/a Esp.Act. Cult. e Educativas	1		1
Funcionario	Técnico/a Medio/a de Arquivos	1		1
Funcionario	Técnico/a Normalizacion Lingüística	1		1
Funcionario	Diplomado/a en Trabajo Social	1		1
Laboral	Axudante Oficios	2 (1 Reserv. Discap.)		2
Laboral	Encargado/a Xeral-IMD		1	1
Laboral	Oficial Almaceneiro	1(1 Reserv Discap.)		1
Laboral	Oficial Conductor	6		6
Laboral	Oficial Instalacións	2		2
Laboral	Oficial Instalacions-IMD	2 (1 Reserv. Discap.)	2	4
Laboral	Oficial Mantemento	1		1
Laboral	Tecnico Educacion Fisica-IMD	1		1
Laboral	Delineante	1		1
	Total:	67	25	92

Cadro-resumen:

Prazas incluídas na OEP 2023:	92
Prazas incluídas na OEP 2023 na quenda de promoción interna:(artigo 134 do TRRL)	25
Prazas incluídas na OEP 2023 na quenda libre:	67

Prazas ofertadas da Policía Local: (1 Intendente principal, 5-Insp. Pol. Loc., 10-Ofic Poli., 11-Pol. Loc.).	27
Discapacitados/as 7% total 91 = 7 das cales 2 para discapacidade Intelectual	7

O que se informa, salvo error u omisión, aos efectos oportunos."

VI- Deste informe técnico déuselle traslado as diferentes seccións sindicais do Concello de Vigo sen que, tendo transcorrido un prazo de dez días, consten presentadas alegacións ou incidencias ao respecto, entendéndose a súa conformidade co mesmo.

VII- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (LPACAP), dispón que as administracións públicas poderán, asímesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e contidas no artigo 127.1, letras g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita e se incorpora ao presente expediente; previa a conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal consonte ao réxime de delegacións interorgánicas vixente no Concello de Vigo, de conformidade co artigo 109.2 da LPACAP, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/12/2023 polo que se aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023, de conformidade cos informes emitidos no expediente electrónico n.º 41.400/220 e informe de fiscalización previa e preceptiva, que logo das rectificacións realizadas, estará integrada polas seguintes prazas, segundo informe técnico de data 07/03/2024:

Rel. Xur.	PRAZA	Libre	PI	Total
Funcionario	Administrativo/a admon. Xeral	2 (1 Reserv. Discap.)	1	3
Funcionario	Alguacil	1 (1 Reserv Discap. Intelect.)		1
Funcionario	Auxiliar Admon. Xeral	5 (1 Reserv Discap. Intelect.)	2	7
Funcionario	Axud. Tecn Electromecánica	1		1
Funcionario	Bombeiro/a	10		10
Funcionario	Encargado/a Obras Medioambientais		1	1

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1663/1102

Rel. Xur.	PRAZA	Libre	PI	Total
Funcionario	Enxeñeiro/a Caminos	2		2
Funcionario	Enxeñeiro/a Industrial	2		2
Funcionario	Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal	1		1
Funcionario	Inspector/a Control Concesionarias	1		1
Funcionario	Intendente Principal		1	1
Funcionario	Inspector/a		5 (1-Mov. Hor.)	5
Funcionario	Inspector/a obras, serv. e infraestruct.	1	1	2
Funcionario	Mestre/a formación	1		1
Funcionario	Oficial (212-Policía Local)		10 (2-Mov. Hor.)	10
Funcionario	Policía	11 (3-Mov. Hor.)		11
Funcionario	Programador/a informática	1		1
Funcionario	Técnico/a medio/a Act. Cult. e Educativas	1		1
Funcionario	Técnico/a Admón Xeral (R. Económ.)	3		3
Funcionario	Técnico/a Auxiliar de Seg. e Mobilidade	2		2
Funcionario	Técnico/a de Xestión	2 (1 Reserv. Discap.)	1	3
Funcionario	Técnico/a Esp.Act. Cult. e Educativas	1		1
Funcionario	Técnico/a Medio/a de Arquivos	1		1
Funcionario	Técnico/a Normalización Lingüística	1		1
Funcionario	Diplomado/a en Traballo Social	1		1
Laboral	Axudante Oficinas	2 (1 Reserv. Discap.)		2
Laboral	Encargado/a Xeral-IMD		1	1
Laboral	Oficial Almaceneiro	1(1 Reserv. Discap.)		1
Laboral	Oficial Conductor	6		6
Laboral	Oficial Instalacións	2		2

Rel. Xur.	PRAZA	Libre	PI	Total
Laboral	Oficial Instalacións-IMD	2 (1 Reserv. Discap.)	2	4
Laboral	Oficial Mantemento	1		1
Laboral	Técnico Educación Física-IMD	1		1
Laboral	Delineante	1		1
	Total:	67	25	92

Cadro-resumen:

Prazas incluídas na OEP 2023:	92
Prazas incluídas na OEP 2023 na quenda de promoción interna:(artigo 134 do TRRL)	25
Prazas incluídas na OEP 2023 na quenda libre:	67
Prazas ofertadas da Policía Local: (1 Intendente principal, 5-Insp. Pol. Loc., 10-Ofic Polí., 11-Pol. Loc.).	27
Discapacitados/as 7% total 91 = 7 das cales 2 para discapacidade Intelectual	7

SEGUNDO: Dispoñer a publicación do presente acordo nos diarios e boletíns oficiais que corresponda, consonte á normativa vixente, publicandoo igualmente o mesmo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 MESES tamén contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(259).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DO POSTO DE TRABALLO DE “SECRETARIO XERAL DO PLENO” POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. . EXPTE. 43057/220.

Dáse conta da proposta de data 05/04/2024, asinada polo técnico de Xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación ,Festas e Xestión Municipal do 04/04/2024 (expediente 43057/220), resolveuse:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Primeiro.- Resolver a convocatoria para a provisión definitiva, polo sistema de libre designación, do posto de traballo vacante de “Secretaría/o Xeral do Pleno” do Concello de Vigo, referencia do posto 100101 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOPPO nº 93 do 16/05/2023), nos termos do establecido na vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e normativa de concordante e procedente aplicación, en igualdade xerárquica coa Secretaría do Goberno Local do Concello de Vigo consonte ao establecido no art. 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, citada, respecto dos órganos directivos municipais nos municipios sometidos ao réxime de gran poboación.

Segundo.- Nomear a D. J. Villán Fuertes.- D.N.I. **76456**, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo, en atención á motivación exposta, efectuando a súa adscrición ao posto 1100101 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOPPO nº 93 do 16/05/2023) e considerando complementariamente que, segundo o establecido nos vixentes Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación en acordo de data 6 de setembro do 2010 (BOPPO n.º 193, do mércores 6 de outubro do 2010) e concretamente no artigo cuarto, apartado 3, *“o Secretario do Pleno e o Interventor exercerán na Xerencia municipal de Urbanismo as funcións previstas legalmente para tales postos. Sen embargo, tales funcións poderán ser encomendadas a funcionarios que por delegación dos respectivos titulares da Secretaría e Intervención, prestarán os seus servizos directamente na Xerencia municipal de Urbanismo. A persoa que exerza as funcións da Secretaría, asumirá as previstas para o titular da Asesoría Xurídica na lexislación de contratos do sector público”*.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Excma. Alcaldía, na súa condición de órgano delegante, dando conta á Xunta de Goberno Local, ao Pleno da Corporación Municipal de Vigo, ao organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” (Concelleira da Área de Goberno e Xerente) e traslado de aquela ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia) e ao Ministerio para a Transformación Dixital e a Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) para a publicación no Boletín Oficial do Estado e anotación e/ou rexistro procedentes, notificando igualmente ás persoas interesadas.

Cuarto.- Indicar que, consonte ás bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, si se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, si se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Á vista do recollido na citada resolución e conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias da Alcaldía de data 03/07/2023, propónse ao órgano competente:

ÚNICO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de " Secretaria/o Xeral do Pleno" do Concello de Vigo polo sistema de libre designación en convocatoria pública, que tivo lugar mediante resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación , Festas e Xestión Municipal do 04/04/2024 (expediente 43057/220).

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

20(260).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO "INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES" PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DAS ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2024. EXPTE. 5381/330.

Visto o informe xurídico do 26/03/2024 e o informe de fiscalización do 09/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 19 de xaneiro do 2024, o Instituto de Estudos Vigueses presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2024; por este motivo, con data 22 de xaneiro do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 37.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

*O **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudo estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.*

PROGRAMA

Edición de publicacións programadas ano 2024:

- Descripción da ría de Vigo de Ramón Patiño.
- O Vigo do gresite de Antonio Alonso
- Vigo e a súa colonia alemana na Segunda Guerra Mundial de Antonio Giráldez (nova



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

edición ampliada e revisada)

- Castro Arquitecturas de Francisco J. Castro
- Boletín Glaucopis número 29, correspondente ao ano 2024.

Tamén está previsto organizar o “FORUM-24: VIGO: TERRA E MAR” que abrangue a seguinte programación (suxeito a posibles cambios)

1) Xoves 15 de febreiro: Presentación do FORUM

2) Xoves 22 de febreiro: Concerto comentado de Isabel Rey Sanmartín – intérprete e profesora do Conservatorio Profesional de Santiago e doutora pola USC-, co título “Sons da guitarra galega en Vigo”. Presentación: Xosé Luis Mateo.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

3) Xoves 14 de marzo: Conferencia de Fernando Fernández Soto - naturalista e fotógrafo-, co título “Pequeña reseña de la vida en Vigo y su entorno”. Presentación: Antonio Giráldez.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

4) Xoves 4 de abril: Conferencia de Francisco García Fernández - historiador e técnico de desenvolvemento rural da Fundación Juana de Vega-, co título “Vigo é feo? A percepción da paisaxe e a construción discursiva do territorio”. Presentación: Xosé Luis Mateo.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

5) Xoves 25 de abril: Conferencia de Juan Antonio Gelabert, catedrático de Historia Moderna da Universidade de Cantabria, co título “Francis Drake en la ría de Vigo, 1585 y 1589”. Presentación: Antonio Giráldez.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

6) Xoves 23 de maio: Paseo guiado por Castrelos, as esculturas e os xardíns a cargo de Mercedes Bangueses -catedrática de Historia e doutora en Historia da Arte- e Beatriz de San Ildefonso -licenciada en Xeografía e Historia na especialidade de Arte e Museoloxía-. Na parte dos xardíns, contarase con Fernando Vilaboa Pérez, ex-conservador de Espazos Naturais da Oficina de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo. Hora: 19.30.

7) Xoves 13 de xuño: Paseo en barco pola ría de Vigo guiado por César Portela -arquitecto-, José Martínez Crespo -doutor en Historia Moderna- e Antonio Giráldez -historiador e coordinador do FÓRUM 2024

Saída ás 17.30.

8) Xoves 19 de setembro: Conferencia a cargo de María Saura -científica do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC)- co título “Acuicultura e investigación: consumo seguro e sostenible do peixe”. Presentación: Carlos Núñez.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

9) Xoves 17 de outubro: Conferencia de Iván Alonso-Jaúdenes Curbera -presidente de ANFACO-CECOPECA e director xeral de conservas Antonio Alonso-, co título “Evolución de las conservas en Vigo, desde la Unión de Fabricantes de Conservas a ANFACO-CECOPECA”. Presentación: Pilar López.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

10) Xoves 7 de novembro: Conferencia de Alicia López Rodríguez -profesora de Planificación e Paisaxe na Escola de Enxeñeiros de Montes, Forestal e do Medio Natural da UPM e técnico especialista en arborado urbano- co título “Los espacios libres de la ciudad de Vigo y la influencia de los jardineros-paisajistas de la familia Turc”. Presentación: Xosé Luis Mateo.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.000 € (trinta e sete mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 37.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 14 de marzo do 2024

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Instituto de Estudos Vigue-ses”, para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2024, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen no convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Instituto de Estudos Vigueses”, para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Instituto de Estudos Vigueses” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudos Vigueses” ten como obxecto financiar a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.01** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 37.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2024 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a

que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudios Vigueses” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 37.000 € (trinta e sete mil euros) ao Instituto de Estudios Vigueses, CIF: G-27767524, para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 “ INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES. PROGRAMA DE ACTIVIDADES ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto do convenio entre o Concello de Vigo e o “Instituto de Estudios Vigueses” que regula o outorgamento da subvención para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2024

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O “INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DAS ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 e 28 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023
delegación de competencias específicas do 3 de xullo do 2023

Doutra, D. Xoán Carlos Abad Gallego, na súa condición de presidente do "Instituto de Estudos Vigueses" (CIF: G-27767524) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo, 2, 2º, CP 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudo estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**", como medio que é de promover a investigación e divulgación cultural na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.01, como subvención nominativa, a favor da **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, PROGRAMA DE ACTIVIDADES** a cantidade de 37.000 euros.*

*IV.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** non está incurso na prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través de este convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades durante o exercicio 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.000 € (trinta e oito mil cincocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 37.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Edición de publicacións programadas ano 2024:

- Descrición da ría de Vigo de Ramón Patiño.
- O Vigo do gresite de Antonio Alonso
- Vigo e a súa colonia alemana na Segunda Guerra Mundial de Antonio Giráldez (nova edición ampliada e revisada)
- Castro Arquitecturas de Francisco J. Castro
- Boletín Glaucopis número 29, correspondente ao ano 2024.

Tamén está previsto organizar o “FORUM-24: VIGO: TERRA E MAR” que abrangue a seguinte programación (suxeito a posibles cambios)

1) Xoves 15 de febreiro: Presentación do FORUM

2) Xoves 22 de febreiro: Concerto comentado de Isabel Rey Sanmartín – intérprete e profesora do Conservatorio Profesional de Santiago e doutora pola USC-, co título “Sons da guitarra galega en Vigo”. Presentación: Xosé Luis Mateo.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

3) Xoves 14 de marzo: Conferencia de Fernando Fernández Soto - naturalista e fotógrafo-, co título “Pequeña reseña de la vida en Vigo y su entorno”.Presentación: Antonio Giráldez.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios.Hora: 19.30.

4) Xoves 4 de abril: Conferencia de Francisco García Fernández - historiador e técnico de desenvolvemento rural da Fundación Juana de Vega-, co título “Vigo é feo? A percepción da paisaxe e a construción discursiva do territorio”. Presentación: Xosé Luis Mateo.

LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios.Hora: 19.30.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- 5) Xoves 25 de abril: Conferencia de Juan Antonio Gelabert, catedrático de Historia Moderna da Universidade de Cantabria, co título “Francis Drake en la ría de Vigo, 1585 y 1589”. Presentación: Antonio Giráldez.
LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
- 6) Xoves 23 de maio: Paseo guiado por Castrelos, as esculturas e os xardíns a cargo de Mercedes Bangueses -catedrática de Historia e doutora en Historia da Arte- e Beatriz de San Ildefonso -licenciada en Xeografía e Historia na especialidade de Arte e Museoloxía-. Na parte dos xardíns, contarase con Fernando Vilaboa Pérez, ex-conservador de Espazos Naturais da Oficina de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo. Hora: 19.30.
- 7) Xoves 13 de xuño: Paseo en barco pola ría de Vigo guiado por César Portela -arquitecto-, José Martínez Crespo -doutor en Historia Moderna- e Antonio Giráldez -historiador e coordinador do FÓRUM 2024
Saída ás 17.30.
- 8) Xoves 19 de setembro: Conferencia a cargo de María Saura -científica do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC)- co título “Acuicultura e investigación: consumo seguro e sostible do peixe”. Presentación: Carlos Núñez.
LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
- 9) Xoves 17 de outubro: Conferencia de Iván Alonso-Jaúdenes Curbera -presidente de ANFACO-CECOPESCA e director xeral de conservas Antonio Alonso-, co título “Evolución de las conservas en Vigo, desde la Unión de Fabricantes de Conservas a ANFACO-CECOPESCA”. Presentación: Pilar López.
LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
- 10) Xoves 7 de novembro: Conferencia de Alicia López Rodríguez -profesora de Planificación e Paisaxe na Escola de Enxeñeiros de Montes, Forestal e do Medio Natural da UPM e técnico especialista en arborado urbano- co título “Los espacios libres de la ciudad de Vigo y la influencia de los jardineros-paisajistas de la familia Turc”. Presentación: Xosé Luis Mateo. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

Exclúense deste convenio as actividades relacionadas na memoria como número 11 (que terá lugar o día 21 de novembro do 2024) e número 12 (que se desenvolverá o 12 de decembro do 2024) por atoparse fóra do período subvencionable, que remata o 10 de novembro do 2024

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Carlos Abad Gallego, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil correspondente ao ano 2023.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa das actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (37.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade, ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de novembro do 2023 e o 10 de novembro do 2024, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras su-

bvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defecuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

PROGRAMA E ORZAMENTO DIFUSIÓN CULTURAL DO IEV ANO 2024

	Edición libros	Orzamento	
Gastos 2024	<i>Descricións de la ría de Vigo de 1500 a 1800 (Ramón Patiño)</i>	5.000 euros	
	<i>O Vigo do gresite (Antonio Alonso)</i>	2.500 euros	
	<i>Vigo y su colonia alemana en la 2ª Guerra Mundial. Nova edición ampliada e revisada (Antonio Giráldez)</i>	7.500 euros	
	<i>Castro Arquitecturas (Francisco J. Castro)</i>	4.500 euros	
	<i>Boletín Glaucopis nº 29</i>	7.500 euros	
	Total parcial	27.000 euros	
	Gastos administración		
	Telefonía, mensaxería, ascensor, correos e outros	6.000 euros	
	Organización FORUM 2024	4.000 euros	
	Total parcial	10.000 euros	
	Total gastos	37.000 euros	
Ingresos	Subvención nominativa concello de Vigo	37.000 euros	
		Total ingresos	37.000 euros
Saldo Gastos e ingresos		0 euros	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

21(261).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO SEU PROGRAMA DAS ACTIVIDADES NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2024. EXP-TE. 5392/330.

Visto o informe xurídico do 26/03/2024 e o informe de fiscalización do 09/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/03/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira de Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 26 de xaneiro do 2024, a "Fundación Carlos Casares" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2024; por este motivo, con data 30 de xaneiro do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.

PROGRAMACIÓN:

1) V XORNADAS "VIDEOXOGO E LITERATURA. UNHA MIRADA TRANSVERSAL"

Data: Do 24 ao 28 de setembro de 2024 en horario de tarde.

Lugar: Museo MARCO de Vigo.

Descrición: Na procura dos novos límites "transmedia", analizarase o sector relacionado coa industria creativa do videoxogo con diversos puntos de vista: guión, música, ilustración, tradución, xestión empresarial, asociacionismo, educación, novos creadores, vínculos cos sectores literario, audiovisual...

Haberá, como o ano pasado, obradoiros e master class especializadas, así como o espazo chamado de acceso público "A desconfidencia", onde calquera persoa interesada no tema

poderá presentar o seu proxecto ou mostrar a súa opinión fundada mediante unha pequena charla ao redor de calquera faceta do sector.

A mirada transversal dos axentes implicados neste sector achegará aos asistentes, presenciais e virtuais, os puntos de contacto entre a literatura e o videoxogo en Galicia.

Dentro da xornada presentarase un libro, xogo ou produto audiovisual de recente aparición ou en probas e, se fose posible, se preparará unha exposición encol da historia do videoxogo ou un taller sobre o mesmo tema.

2) APOIO A CENTROS DE ENSINO E OUTROS ESPAZOS DO CONCELLO DE VIGO

Datas: Durante o primeiro semestre e entre setembro e outubro (datas concretas por definir)

Lugar: Espazos concretos por definir.

Inauguración: Suxeito ao calendario dos cursos escolares

Descrición: A Fundación Carlos Casares oferta a distintas entidades (centros escolares, asociacións, entidades públicas, etc.) unha serie de servizos de apoio didáctico a partir dos recursos humanos dispoñibles na entidade. As peticións recibidas incide, sobre todo, no material documental e expositivo. Entre eles atópanse os seguintes:

-Exposición “Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares”. *A exposición repasa o tratamento do humor perspectivas científicas (neuroloxía, fisioloxía...), históricas (a orixe do humor e o seu desenvolvemento nas distintas culturas), sociais (teorías, tipos de humor...)*

e literarias (a historia do humor na literatura galega), así como un apartado especial para tratar o humor tanto na vida como na obra de Carlos Casares.

-Exposición “O Principiño ao redor do mundo” *(mostra da colección de máis dun centenar de “Principiños” de Carlos Casares en máis de 60 linguas).*

- Exposición “Carlos Casares e a fotografía” *(colección de fotografías, cámaras e bibliografía sobre o tema).*

- “As caras dos libros” *(exposición sobre o a edición e deseño de cubertas a través da obra de Carlos Casares e da literatura infantil e xuvenil).*

- Outras mostras menores (“Casares e o cine”, “Carlos Casares e as viaxes da fala”...).

- Outras actividades, como conferencias, faladoiro

A memoria económica, presentada pola FUNDACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.600 € (once mil seiscientos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 €
- Deputación de Pontevedra 3.400 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente.
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 15.03.2024

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2024, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Carlos Casares para a organización do programa de actividades 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Fundación Carlos Casares” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” ten como obxecto financiar a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2024, figurando na aplicación 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2024 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 6.000 € (seis mil euros) á Fundación Carlos Casares, CIF: G-36907244 para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2024, e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 “Fundación Carlos Casares.Programa de Actividades”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Carlos Casares que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2024.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ FUNDACIÓN CARLOS CASARES ”, PARA O FINANCIAMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 delegación de competencias específicas do 3 de xullo do 2023

Doutra, D. Gustavo Adolfo Garrido García, na súa condición de secretario da Fundación Carlos Casares (CIF: G-36907244) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Oporto, 1, CP 36201, da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos e acordo da Comisión Executiva da Fundación Carlos Casares do 18 de xaneiro do 2023 .

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para asinar este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.*

*A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.*

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e co-

laborar economicamente na execución da programación da "**FUNDACIÓN CARLOS CASARES**", como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.07, como subvención nominativa, a favor da "**FUNDACIÓN CARLOS CASARES. PROGRAMA DE ACTIVIDADES**" a cantidade de 6.000 euros.

IV.- Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o seu programa de actividades na cidade de Vigo durante o exercicio 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.600 € (once mil seiscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 €
- Deputación de Pontevedra 3.400 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

1) V XORNADAS "VIDEOXOGO E LITERATURA. UNHA MIRADA TRANSVERSAL"

Data: Do 24 ao 28 de setembro de 2024 en horario de tarde.

Lugar: Museo MARCO de Vigo.

Descrición: Na procura dos novos límites "transmedia", analizarase o sector relacionado coa industria creativa do videoxogo con diversos puntos de vista: guión, música, ilustración, tradución, xestión empresarial, asociacionismo, educación, novos creadores, vínculos cos sectores literario, audiovisual...

Haberá, como o ano pasado, obradoiros e master class especializadas, así como o espazo chamado de acceso público "A desconferencia", onde calquera persoa interesada no tema



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

poderá presentar o seu proxecto ou mostrar a súa opinión fundada mediante unha pequena charla ao redor de calquera faceta do sector.

A mirada transversal dos axentes implicados neste sector achegará aos asistentes, presenciais e virtuais, os puntos de contactos entre a literatura e o videoxogo en Galicia. Dentro da xornada presentarase un libro, xogo ou produto audiovisual de recente aparición ou en probas e, se fose posible, se preparará unha exposición encol da historia do videoxogo ou un taller sobre o mesmo tema.

2) APOIO A CENTROS DE ENSINO E OUTROS ESPAZOS DO CONCELLO DE VIGO

Datas: Durante o primeiro semestre e entre setembro e outubro (datas concretas por definir)

Lugar: Espazos concretos por definir.

Inauguración: Suxeito ao calendario dos cursos escolares

Descrición: A Fundación Carlos Casares oferta a distintas entidades (centros escolares, asociacións, entidades públicas, etc.) unha serie de servizos de apoio didáctico a partir dos recursos humanos dispoñibles na entidade. As peticións recibidas incide, sobre todo, no material documental e expositivo. Entre eles atópanse os seguintes:

*-Exposición “**Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares**”. A exposición repasa o tratamento do humor perspectivas científicas (neuroloxía, fisioloxía...), históricas (a orixe do humor e o seu desenvolvemento nas distintas culturas), sociais (teorías, tipos de humor...) e literarias (a historia do humor na literatura galega), así como un apartado especial para tratar o humor tanto na vida como na obra de Carlos Casares.*

*-Exposición “**O Principiño ao redor do mundo**” (mostra da colección de máis dun centenar de “Principiños” de Carlos Casares en máis de 60 linguas).*

*- Exposición “**Carlos Casares e a fotografía**” (colección de fotografías, cámaras e bibliografía sobre o tema).*

*- “**As caras dos libros**” (exposición sobre o a edición e deseño de cubertas a través da obra de Carlos Casares e da literatura infantil e xuvenil).*

*- **Outras mostras menores (“Casares e o cine”, “Carlos Casares e as viaxes da fala”...).***

*- **Outras actividades, como conferencias, faladoiros, paseo e ruta***

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Garrido García, administrador da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido o representante da entidade presenta unha declaración xurada na que se compromete a presentar no mes de marzo o recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil correspondente ao ano en curso.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

mento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roladas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras

linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2024 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarálo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideren incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2024

A) INGRESOS

- Subvención do Concello de Vigo	6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación	2.200 €
- Deputación de Pontevedra (subvención solicitada)	3.400 €
TOTAL	11.600 €

B) GASTOS

- XERAIS	
o Conferenciantes e coordinadores	2.600 €
o Comisariados e labores técnicos relacionados.....	1.500 €
o Xestión de exposicións e deseño de elementos....	2.400 €
o Aluguer de servizos técnicos.....	4.500 €
o Gastos de representación e administrativos.....	600 €
TOTAL	11.600 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

22(262).- REQUIRIMENTO PREVIO Á VÍA CONTENCIOSO ADMINISTRATIVA PARA O ABOAMENTO POLO CONCELLO DE VIGO DAS SUMAS DERIVADAS DA LIQUIDACIÓN DO CONVENIO “ABRIR VIGO AO MAR”. EXPTE. 1766/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/04/2024, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e conformado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica municipal e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- A Presidencia da Autoridade Portuaria de Vigo, en resolución de 26 de setembro do 2019, acordou a resolución do convenio «Abrir Vigo ao Mar» por incumprimento municipal do mesmo. A Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, pola súa parte, en resolución de 17 de outubro de 2019 acordou tamén a resolución do referido convenio por incumprimento do mesmo pola Autoridade Portuaria de Vigo.

2º.- Ditas resolucións determinaron a interposición de dous recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

No primeiro, tramitado co número 4019/2020, o Concello de Vigo interesou a anulación do acordo da Autoridade Portuaria de Vigo no que se declara a resolución do convenio por incumprimento municipal; demanda que foi desestimada. No segundo, seguido co número 4059/2020, a Autoridade Portuaria, solicitou a anulación das resolucións do Concello de Vigo de datas de 19 de decembro de 2019 e 10 de xaneiro de 2020, que rexeitaban a anulación da resolución do Convenio, declarada polo concello de Vigo por incumprimento do mesmo pola Autoridade Portuaria e a liquidación de tal convenio; demanda que foi parcialmente estimada con anulación das resolucións impugnadas, pero deixando a liquidación do convenio a un procedemento administrativo posterior.

Ambas sentencias, deviron firmes ao ser inadmitidos os recursos de casación interpostos polo Concello de Vigo.

3º.- A Directora da Autoridade Portuaria de Vigo, en execución das referidas sentencias, resolveu, en data de 7 de setembro de 2023, a incoación de expediente aos efectos de liquidar os gastos, danos e perdas causados á Autoridade Portuaria polo incumprimento do Convenio polo Concello de Vigo, nomeando instrutor do mesmo ao Secretario Xeral da Autoridade Portuaria, o cal, en escrito da mesma data de 7 de setembro de 2023, formulou proposta de liquidación das cantidades por danos e perdas adebedados á Autoridade Portuaria polo Concello de Vigo como consecuencia do incumprimento do Convenio.

4º.- Da dita proposta de liquidación deuse traslado ao Concello de Vigo, o día 11 de setembro de 2023, para que no prazo de dez días formulase as alegacións e propuxera a proba que considerase pertinente. Así faise constar no escrito de notificación da proposta de resolución, na que se di literalmente:

«A la vista de todo lo anterior, procede, al amparo de los artículos 75.1 , 76.1 y 77.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas dar trámite, por plazo de 10 días, al Concello de Vigo a efectos de que, a la vista de la documentación que se adjunta, realice las alegaciones que juzgue oportunas y/o aporte o proponga las pruebas que estime pertinentes».

5º.- As cantidades que se reclaman, cun importe total de 4.680.468,60 euros, sen IVE corresponden ás obras de reparación da Praza da Estrela, por importe de 31.982,03 euros; ás obras de acondicionamento do tramo enlousado das Avenidas, no ámbito do convenio, por importe de 1.263.952,76 euros; aos gastos de reparación incluídos no contrato de obras de «Reconstrucción do Paseo Marítimo en el entorno de la dársena náutica, en las Avenidas, en el ámbito del convenio “Abrir Vigo ao mar”», por importe de 3.300.723,87 euros; e aos gastos derivados do accidente do Marisquiño, polo importe restante de 83.809,94 euros.

6º.- Esta Administración municipal, en escrito asinado en datas 26 e 27 de setembro de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da área de Goberno de Fomento e Servizos, formulou as alegacións que de seguido se reproducen, en virtude das cales se rexeitou a proposta de liquidación da Autoridade Portuaria de Vigo.

Tales alegacións foron as que seguen:

«Dos gastos imputados á Praza da Estrela.

A APV remitiu ao concello de Vigo, o 2 de maio de 2019, escrito comunicando o mal estado do paseo de As Avenidas e as deficiencias observadas na Praza da Estrela, incluídos no ámbito do convenio “Abrir Vigo al Mar” e instou ao Concello á súa reparación e conservación, en base as obrigas de mantemento que este tería asumido sobre tales superficies en virtude do dito convenio; petición que reproduciu en escrito de 8 de maio de 2019.

En contestación á dita solicitude e no que a Praza da Estrela se refire, o enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, con data de 29 de maio de 2019, informou que «O estado de conservación da Praza da Estrela é en xeral bo, a excepción de algúns puntos que se solucionarían con actuacións puntuais de levantamento da zona afectada, reposición da base e do pavimento; actuacións que poderían considerarse comprendidas dentro das obriga municipal de mantemento e conservación da praza».

Dito informe emitiuse en base ao presentado, a solicitude do dito técnico, pola contratista municipal de mantemento de viais, de data 22 de maio, que se achega a estas alegacións.

Á vista destes informes, os días 2 e 3 de outubro de 2019 a contratista de mantemento de viais do Concello procedeu á reparación dos desperfectos existentes nese momento na praza da Estrela, co seguinte detalle:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Descrición	Precio	fecha	Unidades	Expedien- te	Tipo trabazo	Instalación	Parcial	Nº Inicial
MAPAVRPG007 (Ud) Le- vant y repos losa granito 8 cm < 1 m ²	67,79	02/10/2219	6	83926/250	ACERAS PA- VIMENTOS PÉTREOS	ESTRELA	406,74	9
MAPAVRPG140 SUMI- NISTRO DE GRANITO AZUL ZAFIRO 8 CMS	130,13	02/10/2019	2,98	83926/250	ACERAS PA- VIMENTOS PÉTREOS	ESTRELA	414,607	9
MAPAVRPG007 (Ud) Le- vant y repos losa granito 8 cm < 1 m ²	67,79	03/10/2019	15	83926/250	ACERAS PA- VIMENTOS PÉTREOS	ESTRELA	1016,85	9
MAPAVRPG140 SUMI- NISTRO DE GRANITO AZUL ZAFIRO 8 CMS	130,13	03/10/2019	7,53	83926/250	ACERAS PA- VIMENTOS PÉTREOS	ESTRELA	1047,649	9
							2885,846	

Con data de 30 de maio de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo rexeitara as pretensións formuladas pola APV nos ditos escritos de 2 e 8 de maio de 2019, coa excepción da reclamación de reparación dos desperfectos que presentaba a Praza da Estrela, que si se considerou fundada, procedéndose os días 2 e 3 de outubro de 2019, tal e como vai dito, á súa reparación pola contratista municipal de mantemento de viais.

A APV, en resolución do seu presidente de 25 de setembro de 2019, á vista do devandito acordo municipal de 30 de maio de 2019 declarou resolto o convenio por incumprimento municipal do mesmo.

Daquela, ás datas de resolución do convenio, a Praza da estrela atopábase en adecuado estado de conservación, pois a resolución do convenio foi declarada pola APV o 25 de setembro de 2019 e uns días despois desta declaración, os días 2 e 3 de outubro de 2019, os desperfectos observados no informe de maio foran reparados. Por tanto as obras as que se refire a reclamación da APV ou ben son obras de reparación de desperfectos producidos con posterioridade á resolución do convenio ou ben son obras de mellora, non comprendidas dentro da obriga de conservación que incumbía ao concello de Vigo a virtude do convenio.

Dos gastos reclamados pola APV polas obras de acondicionamento do tramo enlousado das Avenidas

Polo que se refire ao requirimento de reparación das lousas de granito do Paseo de Avenidas cómpre reproducir as consideracións realizadas polo enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos no seu informe de 23 de maio de 2019 que figura nos antecedentes do acordo municipal de 30 de maio de 2019.

«(...) o Concello terá que asumir exclusivamente os deterioros que se produzan (...) no paseo peonil de pedra, polo natural uso do ben ao longo do tempo. Pero se os deterioros se producen por defectos de deseño ou de execución (labores estas nas que non participou o Concello), ou debido ao uso do (...) paseo de pedra en condicións distintas ás previstas, isto é, distintas ao seu uso normal (emprego para tráfico rodado por exemplo), as actuacións necesarias para a súa reposición, en canto que non son debidas ao uso normal ao longo do tempo, serían obras de reforma (mellora ou adecuación do paseo), de reparación

ou gran reparación, se de elementos estruturais se trata, que quedarían todas fóra das obrigas municipais.

O uso en condicións distintas ao normal previsto está a suceder (...) no paseo de pedra, previsto como de uso peonil no proxecto construtivo de “Abrir Vigo ao Mar” —proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Ríos—, pero que se ven empregando, segundo se ten constatado, tamén para o tráfico rodado, e incluso para tráfico pesado de mercancías portuarias, o cal provoca a rotura do pavimento, ao someter este a cargas para as que non está deseñado.

A Autoridade Portuaria indica no seu escrito dirixido a Abogacía do Estado que se respetaron as vías de tren nese ámbito para permitir o paso de convoyes pesados por este medio de transporte. Ademais indica que o proxecto do paso inferior está calculado para que a súa lousa superior soporte o peso de vehículos pesados e trenes, indicando tamén que o clausulado do título da concesión dese paso inferior indica que a lousa debe soportar o tráfico de vehículos pesados. Ao respecto desta afirmacións indicar que nada ten que ver o dimensionamento da lousa de formigón do paso inferior, que é un elemento estrutural do túnel (e como moito un elemento da base do firme), coa tipoloxía da capa superficial formada por pavimento de pezas de pedra (...), dimensionada para tráfico peonil, como se recolle nos planos 9 e 37 do proxecto básico da actuación, do ano 1994; proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Ríos, proxectando tráfico peonil polo paseo de pedra e o entarimado de madeira.

En canto ao feito de que se conserve o paso de trens sobre raís sobre o paseo, tal feito non supón que o pavimento de pedra que o rodea —calculado para soportar un uso peonil— permita o tráfico pesado, xa que estruturalmente a transmisión de cargas dos convoyes do tren se produce a través dos raís sobre a base de formigón e non sobre o pavimento de pedra que o rodea e é, daquela, independente da capacidade portante do pavimento superficial de pedra que rodea aos carrís, como ocorre co balasto e as travesas e raís nas vías convencionais.

Destacar asemade que no seu escrito de data 8 de maio, a Autoridade Portuaria insta ao Concello a reparación do ámbito, término que se recolle na LCSP 9/2017 no artigo 232. Clasificación de las obras, no seu apartado 4, “Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales. Cuando afecten fundamentalmente a la estructura resistente tendrán la calificación de gran reparación y, en caso contrario, de reparación simple”, por lo que cabe indicar que o obxecto e a natureza das obras solicitadas pola Autoridade Portuaria no último escrito presentado, nada ten que ver coas obrigacións de mantemento por parte do Concello derivadas da subscripción dos citados convenios».

*As razóns que aduce o enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal para xustificar a oposición ao requirimento da Autoridade Portuaria ao Concello de Vigo para que proceda a reparación das lousas de granito do Paseo de Avenidas son —entendemos— plenamente fundadas e concordes con canto vimos de dicir. Soamente, cómpre engadir agora que a virtude do Convenio a Autoridade Portuaria de Vigo asumiu a obriga da **supervisión técnica das obras** obxecto do mesmo (apartado III, in fine do convenio) e que se a Autoridade Por-*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

tuaria pretendía utilizar o paseo peonil das Avenidas para a circulación do transporte portuario non so a través do tren —cuxos raís transmiten directamente as toneladas de carga á lousa de formigon superior do tunel inferior, calculada a tal fin— senón, tamén, a través de camións de grande tonelaxe, como son os que, co seu tránsito, teñen provocado a penosa situación actualde lousas de pedra rotas en que se atopa a parte inferior do Paseo das Avenidas —non da superior que ven sendo utilizada exclusivamente para o tránsito peonil e atópase en perfecto estado— o que tiña que ter feito a Autoridade Portuaria de Vigo, en cumprimento da súa obriga de supervisión técnica, era esixir o dimensionamento das lousas de pedra nesta parte do paseo adecuado a tonelaxe máxima que haberían de soportar estas.

Daquela, procede rexeitar tamén este requirimento da Autoridade Portuaria, pois as obras cuxo custe de execución reclama a APV non son obras de mantemento e conservación, senón como di o enxeñeiro municipal de reparación ou de grande reparación se afectaran a elementos estruturales do recheo

Pero, é que tampouco procede reparar esta zona do paseo das Avenidas substituindo as lousas rotas por outras iguais en perfecto estado. Se a Autoridade Portuaria pretende seguir facendo pasar camións de grande tonelaxe polo Paseo das Avenidas o que ten que facer e substituír o pavimento e colocar outro —o que considere oportuno— adecuado ás cargas que deberá soportar para permitir o paso dos transportes especiais portuarios, e esta obra nin tería o carácter de obra de mantemento e conservación, nin sería de responsabilidade do Concello de Vigo.

Corroborara isto último o feito de que, a mediados do ano 2017, esta zona do paseo atopábase no mesmo mal estado no que se atopa na actualidade e que a Autoridade Portuaria de Vigo procedeu a reparación desta, substituindo as lousas rotas e afundidas por outras novas da mesmas dimensións. Como queira que a Autoridade Portuaria seguiu utilizando esta zona do paseo para o tránsito de vehículos de grande tonelaxe para transportes especiais portuarios, sen tomar en consideración a insuficiencia deste firme para soportalos, o paseo das Avenidas, nesta concreta zona, volveu a atoparse no lamentable estado no que se atopaba dous anos atrás: o que procede —temos que volver a insistir— é substituír o pavimento desta zona do paseo e colocar outro —o que se considere oportuno— adecuado ás cargas que deberá soportar para permitir o paso dos transportes especiais portuarios.

*Tan é así, que, tal e como se reflicte na noticia publicada no Faro de Vigo, o sábado 27 de xuño de 2020 —que se achega copia a estas alegacións— co titular «**El Puerto prevé licitar en julio la reparación de As Avenidas y el nuevo carril bici por 6,8 millones**», o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo recoñece que o pavimento de pedra do Paseo das Avenidas nese momento é inadecuado para garantir o tránsito de vehículos pesados e que é necesario substituílo por outro das dimensións necesarias para evitar que as lousetas se estean rompendo constantemente.*

Do texto da noticia transcribimos o que segue:

«La estética del Puerto Marítimo -el gran espacio de contacto con el mar en el centro urbano- sigue lastrado por el desgaste del empedrado y, sobre todo, el enorme socavón en la zona de tablas de madera, recordatorio que arrojó un saldo de 467 heridos

y ninguna víctima mortal. Los planes del Puerto ahora pasan por su reconstrucción y mejora por un importe de unos cinco millones de euros. **La cifra recoge el cambio de losetas y refuerzo de las estructuras para garantizar el tránsito de vehículos pesados que transportan grandes piezas -a lo que se destinarán dos millones-. “Visualmente no se notará mucho, pero será más resistente para evitar que se estén rompiendo constantemente”, explica Enrique López Veiga, presidente del Puerto.** Y también, por unos tres millones, incluye la reparación del agujero del entablillado. Ninguna de las dos intervenciones, “considerables”, incide Veiga, modificarán el diseño del convenio Abrir Vigo al Mar de 1992, trazado en su momento por Guillermo Vázquez Consuegra, Premio Nacional de Arquitectura. Al contrario, se dejarán “ las cosas tal como están”. “Si se hace otro plan, bien, pero el que teníamos y el que está contemplado es ese. Si alteramos las cosas, se complica muchísimo desde el punto de vista administrativo”, recalca el dirigente de la Autoridad Portuaria. En todo caso Veiga promete que el proyecto dejará un paseo “resistente” y “con todas las garantías del mundo».

O enxeñeiro municipal de camiños canais e portos, xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas do concello de Vigo, a solicitude deste Servizo Xurídico informou, con data de 10 de maio de 2021, respecto do proxecto de reparación do enlousado cuxo custe se reclama. que:

«O proxecto de reparación, no ámbito do tramo de enlousado de granito, ao que se refire a noticia de prensa citada polos servizos xurídico, foi presentado co título de “Acondicionamento de tramo enlousado en As Avenidas en el ámbito del convenio Abrir Vigo al Mar. Vigo (Pontevedra)”, pola Autoridade Portuaria de Vigo ante a Xerencia Municipal de Urbanismo, a comenzos do ano 2020, que solicitou deste Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas informe no que as competencias deste Servizo se refire.

O citado proxecto, como se recolle na documentación do correspondente expediente da Autoridade Portuaria, ten entre outras finalidades acondicionar o Paseo de As Avenidas diseñándoo acorde as necesidades de uso, e facendoo compatible co uso estrictamente portuario.

Na documentación que conforma o proxecto (memoria, planos e orzamento), se contempla a renovación do enlousado de pedra da parte inferior do Paseo no ámbito contiguo á zona do entarimado de madeira, inmediata á lámina de auga.

A citada renovación do firme supón un reforzo da capacidade portante do firme superficial do enlousado de pedra xa que a proposta xeométrica das novas pezas de granito plantexa, respecto a situación previa ao citado proxecto, tanto a redución considerable da esbeltez das pezas (relación entre largo e ancho) como o aumento do espesor das pezas. Ambas consideracións, diminución da esbeltez e aumento de espesor das pezas, permite aumentar a capacidade portante do citado pavimento e reducir o risco de rotura das pezas ante o paso de vehículos pesados».

En definitiva, a substitución das lousas de pedra do Paseo da Avenidas, para permitir o tránsito do transporte portuario pesado polo mesmo, non é unha obra de conservación e mantemento senón unha obra de gran reparación, sendo así que o concello de Vigo estaba obrigado, a virtude do convenio, a emendar os menoscabos que se produciran no enlousado do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Paseo polo uso previsto para el —o uso peonil—, pero non resultaba obrigado a reparar os menoscabos provocados polo uso do Paseo para o tránsito, non previsto no proxecto, de transportes pesados portuarios, para o cal as lousetas de pedra non estaban adecuadamente dimensionadas e rompíanse constantemente, sobre todo tendo en conta que a supervisión dos traballos de execución do Paseo correou a cargo da Autoridade Portuaria de Vigo.

Por todo exposto procede rexeitar tamén neste punto a reclamación de pago da Autoridade Portuaria de Vigo.

Das cantidades reclamadas pola APV polas obras de «Reconstrución do Paseo Marítimo en el entorno de la dársena náutica, en las Avenidas, en el ámbito del convenio “Abrir Vigo ao mar”».

Verbo desta reclamación debemos recordar que, tal e como establece no seu artigo 5.3 o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo, «A los efectos de este Reglamento, se considerará que la edificación se encuentra en situación de ruina física cuando concurren los requisitos de antigüedad y estado de conservación establecidos por la legislación urbanística aplicable» e que o artigo 141.2 LSG dispón que «Procederá la declaración de situación legal de ruina en los siguientes supuestos:

a) Cuando el coste de las obras necesarias excediese de la mitad del coste de reposición de la edificación o de una nueva construcción con características similares, excluido el valor del suelo.

b) Cuando el edificio presentase un agotamiento generalizado de sus elementos estructurales fundamentales.

É o caso que o ditame de don X. Ramón Novoa, emitido o 18 de decembro de 2018, nas actuacións penais seguidas ante o Xulgado de Instrución núm. 3 de Vigo, como DPA 1618-18, como consecuencia do accidente do Marisquiño, conclúe que «a estrutura do pretensado, que constitúe o paseo, superou a súa vida útil entre os anos 5 e 6 da súa posta en servizo», isto é, entre os anos 1989 e 1991 e, daquela, antes da firma do convenio «Abrir Vigo ao mar», que tivo lugar o 2 de novembro de 1992.

Foi, pois, unha auténtica negligencia da APV poñer a disposición do Consorcio da Zona Franca de Vigo, para a execución dun paseo sobre o molle voado, cuxo custe de reconstrución reclama do Concello a APV, esta infraestrutura portuaria voada, cando nese ano 1992, en que se asinou o convenio, o dito molle voado superara xa a súa vida útil, polo que debía considerarse en situación de ruína e procederse a súa substitución; negligencia que se agrava máis, se cabe, tendo en conta que no dito convenio de «Abrir Vigo ao mar» o Porto de Vigo obrigábase á supervisión técnica das obras; supervisión que facía necesaria a consideración desta circunstancia do estado de uso deste molle voado.

Daquela, procede rexeitar a reclamación da APV de pago dos custes de reposición dunha instalación portuaria que xa antes de ter sido incorporada ao proxecto de Abrir Vigo ao mar esgotara a súa vida útil e debería ter sido considerada en situación de ruina, procedendose a súa substitución».

7º.- Non consta a esta administración municipal que tras a formulación polo concello de Vigo das alegacións que van transcritas, a Autoridade Portuaria de Vigo ditase resolución definitiva no expediente administrativo de liquidación do Convenio, incoado pola Dirección da Autoridade Portuaria de Vigo, na dita resolución de 7 de setembro de 2023.

8º.- Con data 4 de marzo de 2023 tivo entrada neste concello de Vigo requirimento previo á vía contencioso-administrativa dirixido pola Autoridade Portuaria a esta Administración municipal para o pago por esta das sumas derivadas da liquidación do convenio «Abrir Vigo ao Mar»

Nos antecedentes deste requirimento previo faise constar que o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, en sesión de data 23 de decembro, acordou aprobar “Medidas para la liquidación del convenio “Abrir Vigo al Mar”, en base á resolución da Dirección da Autoridade Portuaria de Vigo, de 7 de setembro de 2023, pola que se incoou expediente aos efectos de practicar a aludida liquidación e que que practicadas as dilixencias e recabados os informes oportunos no procedemento de liquidación —dise—, deuse traslado dunha proposta de liquidación ao concello de Vigo, que este rexeitou expresamente, rematando o procedemento liquidatorio incoado sen avinza.

8º.- Tal requirimento debe ser inadmitido polas seguintes

CONSIDERACIÓNS DE FEITO E DE DEREITO

Primeira.- O artigo 44 LRXCA dispón que:

«1. En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada.

(...)

2. El requerimiento deberá dirigirse al órgano competente mediante escrito razonado que concretará la disposición, acto, actuación o inactividad, y deberá producirse en el plazo de dos meses contados desde la publicación de la norma o desde que la Administración requiriente hubiera conocido o podido conocer el acto, actuación o inactividad».

E o artigo 29 do mesmo texto que:

«Artículo 29.

1. Cuando la Administración, en virtud de una disposición general que no precise de actos de aplicación o en virtud de un acto, contrato o convenio administrativo, esté obligada a realizar una prestación concreta en favor de una o varias personas determinadas, quienes tuvieran derecho a ella pueden reclamar de la Administración el cumplimiento de dicha obligación. Si en el plazo de tres meses desde la fecha de la reclamación, la Administración no hu-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

biera dado cumplimiento a lo solicitado o no hubiera llegado a un acuerdo con los interesados, éstos pueden deducir recurso contencioso-administrativo contra la inactividad de la Administración».

Segunda.- O requirimento do artigo 44.1 LRXCA que formula a Autoridade Portuaria diríxese a exixir do concello de Vigo o pago da cantidade de 4.680.468,60 euros que se afirma foi liquidada pola requirinte como indemnización adebedada a esta polo concello de Vigo, polo incumprimento das obrigas de conservación e mantemento das obras do Convenio. Pero, é que a Autoridade Portuaria non ditou —ou polo menos non comunicou ao concello de Vigo — ningunha resolución definitiva do procedemento administrativo de liquidación do Convenio, incoado pola Directora da Autoridade Portuaria o día 7 de setembro de 2023, na que se dera resposta ás alegacións formuladas polo concello de Vigo e se liquidara con carácter definitivo o convenio, sendo así que en ausencia de un tal acto definitivo e firme non cabe formular tal requirimento, pois segundo resulta do artigo 29 LRXCA, arriba transcrito, a obriga de pago debería resultar directamente dunha disposición xeral que non precise de actos de aplicación ou dun acto, contrato o convenio administrativo, e no caso de que tratamos a obriga de pago, de existir non resultaría do convenio, senón da súa liquidación, tal e como dispón a sentenza arriba citada; liquidación, cuxo procedemento administrativo a tal fin, foi iniciado pola devandita resolución de 7 de setembro de 2023, pero no que non se ditou resolución definitiva algunha que fora oportunamente notificada ao concello de Vigo.

Terceiro.- Non obstante o dito e por razóns de cautela procesual, a fin de evitar calquera oposición da Autoridade Portuaria de Vigo fundada nunha pretendida firmeza do requirimento de pago que nos ocupa, por un aquietamento municipal ante tal pretensión de pago da Autoridade Portuaria, considérase conveniente recorrer ante a xurisdición contencioso administrativa a pretensión de pago da Autoridade Portuaria de Vigo que se contén no repetido requirimento.

Cuarto.- De acordo co disposto no artigo 127.g) e j) LRBRL corresponde a Xunta de Goberno Local a adopción do acordo que se propón

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Inadmitir o requirimento, formulado a esta Administración municipal pola Autoridade Portuaria de Vigo, aos efectos do artigo 44.1 LRXCA, de pago da cantidade de 4.680.468,60 euros, que se di foi «liquidada como indemnización por su incumplimiento de las obligaciones de conservación y mantenimiento que le imponía el convenio “Abrir Vigo al Mar”, fijando un plazo de un mes desde la notificación de este acuerdo para acreditar el inicio de las actuaciones tendentes a su pago».

SEGUNDO.- Transcorrido con exceso o prazo máximo para ditar resolución expresa no expediente administrativo incoado por resolución de 7 de setembro de 2023 da Dirección da Autoridade Portuaria de Vigo para a liquidación do Convenio, procede instar a Autoridade Portuaria de Vigo a declarar a caducidade do dito expediente e de incoarse por esta novo expediente co mesmo obxecto, se tomen en consideración as alegacións municipais formuladas polo concello de Vigo no expediente caducado e se dite resolución expresa e motivada, con notificación da mesma a esta Administración municipal.

TERCEIRO.- Interpoñer, *ad cautelam*, recurso contencioso administrativo contra a pretensión de pago da Autoridade Portuaria que se contén no dito requerimento

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(263).- INTERPOSICIÓN DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE AUGAS DE GALICIA, DO 27 DE NOVEMBRO DE 2023, DITADA NO EXPEDIENTE DE XESTIÓN RECADATORIA DA TAXA 32.68.00- OBRAS HIDRÁULICAS DA REGULACIÓN XESTIONADAS POLA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA- CANON DE REGULACIÓN DO PRIMEIRO E SEGUNDO SEMESTRE DE 2019. EXPTE. 1713/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/04/2024, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data 28 de novembro de 2023 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo resolución desa Dirección de Augas de Galicia, de 27 de novembro de 2023, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2019; expediente no que desestimando as alegacións reiteradamente aducidas por esta Administración municipal en relación coa inexistencia do feito impositivo para a esixibilidade ao Concello de Vigo de tal taxa, se reclama deste o pago da cantidade de 565.098,77 euros polo dito concepto e ano.

2º.- Contra a dita resolución interpúxose por esta Administración municipal recurso de reposición, que foi desestimado por resolución da mesma Dirección de Augas de Galicia de data 20 de marzo de 2024.

3º.- Os motivos do recurso de reposición eran fundamentalmente dous: o primeiro, a inexistencia do feito impositivo, por canto a presa de Eiras estaba sendo xestionada, operada e explotada, nesas datas, polo Concello de Vigo e non por Augas de Galicia; o segundo, a inconstitucional determinación da cota tributaria a satisfacer.

4º.- A resolución desestimatoria da reposición municipal rexeita a primeira alegación municipal con base nos argumentos reiteradamente opostos ás pretensións municipais formuladas a este respecto e engade que:

«Esta cuestión de feito ten sido resolta pola sentenza 374/2022 ditada polo XCA no 1 de Santiago de Compostela o 28.10.2022, sentenza que é firme ao ser confirmada na súa integridade pola sentenza do TSXGA 113/2023 do 06.03.2023, e pola senten-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

za 790/2023 do TSXGA do 20.12.2023, ditada con motivo do recurso interposto polo Concello de Vigo contra la liquidación da taxa 32.68.00 relativa ao exercicio 2014».

5º.- No segundo motivo da reposición interposta o Concello de Vigo aduciu a inconstitucionalidade da taxa reclamada por infracción da Lei básica do Estado en materia de taxas, Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e pola incongruencia interna da Lei entre o feito impositivo da taxa e a contía da mesma.

A esta alegación Augas de Galicia contesta que a Administración hidráulica

«límitase a aplicar o disposto na dita lei en relación coa exacción da taxa, que dispón que a tarifa establécese anualmente nunha norma con rango de lei e se aplica de forma individualizada a cada suxeito pasivo e función do consumo ou do volume de auga captado expresado en metros cúbicos.

En consecuencia, establecida na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia a tarifa para o ano 2019, que foi fixada en 0,017 €/m³, e sendo proporcionados os datos de volume de auga captada polo propio Concello de Vigo (16.176.240 m³ durante o primeiro semestre de 2019 e 17.064.864 m³ durante o segundo semestre), Augas de Galicia procede, ante a ausencia de autoliquidación por parte do obrigado tributario, a tramitar o procedemento correspondente para determinar a débeda tributaria.

Non corresponde a esta entidade pública entrar a discutir o disposto nunha norma con rango de lei nin resolver sobre a súa constitucionalidade ou inconstitucionalidade, polo que esta alegación debe ser desestimada nesta instancia.

Non obstante o anterior, debe resaltarse que a recente sentenza 790/2023 ditada polo TSXGA o 20.12.2023 con motivo da impugnación polo Concello de Vigo da liquidación da taxa do canon de regulación da presa de Eiras para o exercicio 2014, procedemento no que o demandante instou a presentación polo órgano xurisdiccional perante o Tribunal Constitucional dunha cuestión de inconstitucionalidade do artigo 26.3 da LTP, rexeitou elevar a dita cuestión por entender que non existían dúbidas sobre a súa posible inconstitucionalidade.

6º.- Non imos insistir mais na cuestión do auténtico explotador da presa que, efectivamente, xa foi decidida con carácter firme polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en favor de Augas de Galicia, pero si na inconstitucionalidade da contía da taxa polas seguintes

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeiro.- A Constitución establece no seu artigo Articulo 133 que:

«1. La potestad originaria para establecer los tributos corresponde exclusivamente al Estado, mediante ley.

2. Las Comunidades Autónomas y las Corporaciones locales podrán establecer y exigir tributos, de acuerdo con la Constitución y las leyes».

O artigo 9 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas y Prezos Públicos establece, canto as Fontes normativas das taxas, que:

«1. Las tasas se regirán:

- a) Por los Tratados o Convenios Internacionales que contengan cláusulas en materia de tasas, publicados oficialmente en España.
- b) Por la presente Ley, por la Ley General Tributaria y la Ley General Presupuestaria, en cuanto no preceptúen lo contrario.
- c) En su caso, por la Ley propia de cada tasa.
- d) Por las normas reglamentarias dictadas en desarrollo de estas Leyes.

2. La presente Ley se aplicará supletoriamente respecto de la legislación que regula las tasas de las Comunidades Autónomas y las Haciendas Locales.

A Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas y Prezos Públicos é unha lei básica do Estado, e, canto á contía das taxas, dispón esta Lei, no seu artigo 19, que:

«1. El importe de las tasas por la utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público se fijará tomando como referencia el valor de mercado correspondiente o el de la utilidad derivada de aquélla.

2. En general y con arreglo a lo previsto en el párrafo siguiente, el importe de las tasas por la prestación de un servicio o por la realización de una actividad no podrá exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o, en su defecto, del valor de la prestación recibida.

3. Para la determinación de dicho importe se tomarán en consideración los costes directos e indirectos, inclusive los de carácter financiero, amortización del inmovilizado y, en su caso, los necesarios para garantizar el mantenimiento y un desarrollo razonable del servicio o actividad por cuya prestación o realización se exige la tasa, todo ello con independencia del presupuesto con cargo al cual se satisfagan.

(...».

O artigo 26.3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, define o feito impoñible nos termos que seguen:

«3. Los beneficiados por las obras de regulación de los recursos hídricos gestionadas por la Administración hidráulica de la Comunidad Autónoma de Galicia, con captaciones situadas aguas abajo de los embalses gestionados por Aguas de Galicia y/o que capten directamente del embalse, financiadas total o parcialmente con cargo a los presupuestos de la Comunidad Autónoma de Galicia, siempre y cuando no hayan asumido la explotación, conservación y



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

mantenimento de estos embalses, satisfarán la tarifa 68 de la modalidad de actuaciones profesionales incluida en el anexo 3, en orden a compensar los costes de la inversión que soporte dicha administración y atender a los gastos de explotación y conservación de tales obras».

Da dita disposición resulta que o canon de regulación ben a compensar os custes da inversión e os gastos de explotación e conservación das obras de regulación de que se beneficie o suxeito pasivo e non outras distintas.

O Texto Refundido da Lei de Augas e o seu regulamento considera como beneficiarios das obras de regulación tanto os directos como os indirectos, dispoñendo que:

«Serán beneficiarios directos aqueles que obtienen una mejora de la garantía de suministro mediante la utilización de las obras hidráulicas de regulación. Serán beneficiarios indirectos aquellos que, provocando afecciones sobre las masas de agua superficiales y subterráneas, se benefician de los efectos de las obras hidráulicas de regulación, aunque no sean usuarios directos de las mismas».

E o artigo 26.3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, considera como beneficiarios aos titulares de captacións situadas augas abaixo dos embalses xestionados por Aguas de Galicia e/ou que capten directamente do embalse.

Pois ben, o concello de Vigo é, obviamente, beneficiario da obra de regulación, porén o canon a satisfacer por este, se o concello de Vigo non é considerado como explotador do encoro, será exclusivamente o necesario para «compensar los costes de la inversión que soporte dicha administración y atender a los gastos de explotación y conservación de tales obras» e «tales obras» son, segundo o tenor literal do artigo 26.3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, as obras de regulación de que se beneficie o suxeito pasivo con captacións no embalse ou en augas abaixo do mesmo e non outras distintas: o canon que debería satisfacer o concello de Vigo se non se lle considera como explotador do encoro en 2019 sería exclusivamente o que correspondería satisfacer polas inversións e custes de explotación do encoro de Eiras e das obras de regulación que no seu caso existan augas arriba da súa captación no río Oitavén.

A demarcación hidrográfica Galicia Costa non é unha bacía hidrográfica senón un conxunto de bacías hidrográficas intracomunitarias que por esta razón —por discorrer exclusivamente pola Comunidade Autónoma de Galicia— son xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia. A demarcación hidrográfica Galicia-Costa comprende todas as bacías costeiras de A Coruña, Lugo e Pontevedra, cun total de dezanove bacías hidrográficas ou sistemas de explotación.

Na resolución desestimatoria das alegacións municipais ás liquidacións por esta taxa, practicadas por Aguas de Galicia polo ano 2019 afirmase que:

«No que respecta ao canon de regulación, a tarifa fíxase para cada exercicio orzamentario de acordo cos parámetros establecidos no artigo 32 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade

Autónoma de Galicia, a través das leis de orzamentos ou de medidas fiscais que se aproban polo Parlamento de Galicia no mes de decembro do ano anterior sobre as previsións do custo total do servizo no que vai incorrer a Comunidade Autónoma pola xestión da totalidade do sistema durante o exercicio.

Este custo total estimado divídese entre a previsión do volume total de auga captada pola totalidade do sistema xestionado pola Administración autonómica e do resultado dese cociente obtense a tarifa da taxa expresada en euros/m³. Para o ano 2019, e segundo se establece na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a tarifa por metro cúbico de auga captado foi 0,017 €.

É dicir, os custos do servizo operan como límite do importe das taxas establecidas pero esa equivalencia resulta dun cómputo global de custos e ingresos, reais ou previsibles, da totalidade ou conxunto do servizo prestado pola Administración autonómica e non en relación co custo do servizo concreto e individualizado prestado a cada suxeito pasivo, tal e como pretende o Concello de Vigo.

Non cabe esixir, polo tanto, esta equivalencia en cada liquidación nin tampouco que en cada expediente liquidatorio se esixa un estudo económico individualizado para cada suxeito pasivo.

O deseño descrito, permite obter un prezo unitario por metro cúbico de auga captada igualitario e uniforme en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, tarifa que se aplicará sobre o volume total de auga captada por cada un dos suxeitos pasivos. Este deseño permite que, no caso de que o custo da taxa sexa repercutido nos usuarios finais a través das tarifas municipais de abastecemento, cada consumidor, con independencia da parte do territorio na que reside e da obra de regulación da que provena a captación da que se abastece, aboará por este servizo un mesmo prezo por metro cúbico de auga consumida».

O canon de regulación tanto na lei galega como no TRLA e o seu Regulamento ten por obxecto compensar os custos da inversión que soporte a Administración hidráulica e os gastos de explotación e conservación das obras de regulación de que se beneficia —directa ou indirectamente— o suxeito pasivo con captación de augas no proio encoro ou augas abaixo. O concello de Vigo, de non considerarse que explota a presa, non ten legalmente que soportar o custe de todas as inversión en obras de regulación, nin todos os custos de explotación e mantemento de todas as obras de regulación situadas nas bacías hidrográficas de Lugo, A Coruña, ou de Pontevedra, das que o concello de Vigo non se beneficia con captación de augas. O concello de Vigo —debemos insistir— de non considerarse que explota a presa, ten que soportar exclusivamente o custe das inversión na obra de Regulación realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia no encoro de Eiras e o custe das obras de explotación conservación e mantemento e, debería facelo nos termos que resultan da regulación da lexislación básica do Estado.

Segunda.- O artigo 20 —Memoria económico-financiera— da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas y Prezos Públicos, dispón que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

«1. Toda proposta de establecemento de una nueva taxa o de modificación específica de las cuantías de una preexistente deberá incluir, entre los antecedentes y estudios previos para su elaboración, una memoria económico-financiera sobre el coste o valor del recurso o actividad de que se trate y sobre la justificación de la cuantía de la taxa propuesta.

La falta de este requisito determinará la nulidad de pleno derecho de las disposiciones reglamentarias que determinen las cuantías de las taxas».

En tratándose dunha Lei a sanción pola falta de tal memoria económica-financiera terá como consecuencia a inconstitucionalidade da norma por infracción da lexislación básica do Estado en materia de taxas e precios públicos.

Advirtase que a este respecto o artigo 302 do Regulamento do Texto refundido da Lei de Augas— Lei que constitúe a lexislación básica do Estado en materia de augas— establece para a determinación da contía do canon de regulación para as obras hidráulicas explotadas polo organismo de conca que:

«1. Para las obras hidráulicas explotadas por el organismo de cuenca, éste determinará los cánones de regulación correspondientes a cada ejercicio, efectuando la liquidación conforme a lo indicado en los artículos siguientes.

2. El organismo de cuenca fijará los cánones correspondientes a cada ejercicio, para las obras hidráulicas a su cargo. Su cálculo irá acompañado del correspondiente estudio económico efectuado con participación de los órganos representativos de los usuarios o beneficiarios existentes en el organismo gestor correspondiente.

3. El valor propuesto se someterá a información pública en su portal de internet por un plazo de quince días y anunciada en el “Boletín Oficial del Estado”, a efecto de que puedan formularse las reclamaciones que procedan. Si no existieran reclamaciones durante el período de información pública, el canon de regulación se considerará automáticamente aprobado al finalizar la misma; en caso contrario, el Organismo de cuenca resolverá lo que proceda».

A falta de estudo económico financeiro do canon ou a falta de posta de manifesto do mesmo a esta Administración municipal de Vigo provoca, así mesmo, a indefensión desta ao impedírselle o coñecemento das magnitudes determinantes da contía do canon e a posibilidade de discutir esta sobre a base de tales magnitudes.

Terceiro.- Polo demais, a sentenza núm. 790/2023, de data 20 de decembro de 2023, dita polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso-administrativo, procedemento ordinario, núm. 15155/2022, arriba referida, desestimatoria das pretensións municipais en relación ao canon que nos ocupa, foi recorrida en casación ante o Tribunal Supremo; recurso que se tivo por preparado por auto da Sección Cuarta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 4 de marzo de 2024.

Cuarto.- Por todo o exposto considérase que procede interpoñer a reclamación económico administrativa que se propón, pois aínda que tal contía é establecida por Lei e a Comisión Superior de Facenda non pode anulala si é preciso esgotar a vía administrativa para solicitar

na xurisdiccional a presentación de cuestión de inconstitucionalidade en relación á determinación da contía da taxa, amén de que a Comisión Superior de Facenda, á vista da argumentación municipal e de estimala correcta, pode expoñer ao goberno da Comunidade Autónoma de Galicia o seu parecer razoado respecto da inconstitucionalidade da contía da taxa e propiciar a corrección de tal extremo da regulación do canon de que tratamos.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Interpoñer reclamación económico administrativa contra a resolución da Directora de Augas de Galicia, de de 27 de novembro de 2023, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2019, na que se reclama do Concello de Vigo o pago da cantidade de 565.098,77 euros polo dito concepto e ano, e contra a resolución da Dirección de augas de Galicia, de 20 de marzo de 2024, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a primeira resolución citada.

Segundo.- Solicitar ao abeiro do artigo 117 LPACAP a suspensión da execución da resolución impugnada toda vez que a súa execución suporía prexuízos de difícil reparación en canto que tal execución implica detraer do vixente orzamento municipal recursos municipais destinados a sufragar finalidades públicas de necesaria satisfacción no presente exercicio orzamentario.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(264).- REVOGACIÓN PARCIAL DOS ACORDOS DE PRÓRROGA DO “CONTRATO DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO, NOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE, MULTAS DE CIRCULACIÓN E LIQUIDACIÓN DE TAXAS POLA RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL”. EXPTE. 6900/241.

Vistos os informe xurídicos do 21/02/2024 e 27/03/2024 e o informe de fiscalización do 05/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/02/2024, asinado polo tesoureiro municipal-director superior Contable e Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Informe proposta tendo en conta o informe de Asesoría Xurídica de data 21/02/2024 e o de fiscalización de data 30/01/2024.

A vista dos informes referenciados, vaise facer a modificación na parte dispositiva da proposta, mantendo o resto do informe nos termos xa informados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

ANTECEDENTES

2.- A Xunta de Goberno Local do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 7 de setembro de 2017, vistos os informes favorables e a proposta da Mesa de Contratación, adoptou o acordo de *“Adxudicar á mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U por procedemento aberto a contratación dos servizos reflectidos no apartado 2A das FEC.*

3.- O Contrato formalizouse no correspondente documento administrativo o 28 de decembro de 2017.

4.- A prestación do servizo comezou o 1 de xaneiro do ano 2018.

5.- O prazo do Contrato é de 4 anos.

6.- O contrato ten posibilidade de dúas prórrogas anuais.

Conforme ao disposto na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado 4 das FEC, o contrato ten unha duración de 4 anos contados dende a data de inicio da prestación dos servizos, - 1 de xaneiro de 2018-, podendo ser obxecto de 2 (dúas) prórrogas de carácter anual, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. No caso de que o adxudicatario pretenda renunciar á calquera das prórrogas, deberá notificarlo ao Concello de Vigo, cun mínimo de 10 meses de antelación á data de finalización do período contractual vixente. En caso contrario, o Concello de Vigo poderá acordar a prórroga en calquera momento antes do seu vencemento.

Con data 29 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno Local, previa proposta do Sr. Tesoureiro de data 11/10/2021 (expediente 16863/541), prorrogou o contrato por un prazo dun ano, estando vixente a primeira prórroga ata o 31 de decembro de 2022.

Con data 29 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno Local, previa proposta de data 14/12/2022 (expediente 16863/541), prorrogou o contrato por un prazo dun ano, estando vixente a segunda prórroga ata o 31 de decembro de 2023.

No apartado TERCEIRO da proposta e do acordos adoptados, facíase constar que, *A retribución anual do contrato, verase axustada na contía da amortización, situación que xa se materializou na primeira prórroga, cuxo custe xa foi imputado ao prazo ordinario do contrato, polo que a liquidación anual, con determinados axustes, será o resultado da aplicación das porcentaxes segundo o tramo de recadación acadado e a porcentaxe sobre as sancións. Desta contía, dedúcense: i) os pagos a conta regulamentados no apartado 12 das FEC, ii) os custes pagados polo Concello polas notificacións e, iii) a contía das amortizacións previstas na oferta que ademais figuran como custes anuais por unha contía de 609.200,08 euros.*

Solicitud

Con data 06/06/2023 e 07/06/2023 con códigos W922848-2104 e W923287-6883, D. Pascual Seguí Bañuls, con DNI 73907843B, como representante da mercantil Servicios de Colaboración Integral SLU, CIF: 96067400, SOLICITA, que teniendo por presentado el escrito, se sirva admitirlo y proceda a apreciar la desviación de costes producida por causa no imputable a SCI y acreditada respecto al contrato de “ASISTENCIA TÉCNICA, MATERIAL E IN-

FORMÁTICA, EN LOS PROCEDIMIENTOS DE RECAUDACIÓN EN PERÍODO EJECUTIVO, EN LOS PROCEDIMIENTOS SANCIONADORES DE LA CONCEJALÍA DELEGADA DE MOVILIDAD Y SEGURIDAD, MULTAS DE CIRCULACIÓN Y LIQUIDACIONES DE LAS TASAS PRACTICADAS POR LA RETIRADA Y CUSTODIA DE VEHÍCULOS EN EL DEPÓSITO MUNICIPAL, actuando de conformidad con lo establecido en el Pliego de Cláusulas, dejando sin efecto la deducción por amortización de inversiones señalada en el indicativo iii) que consta en el apartado Tercero del acuerdo de prórroga, y se disponga la práctica de la liquidación para cada ejercicio en los mismos términos fijados desde el inicio del contrato y hasta la fecha, según el Modelo de Regularización anual previsto en la cláusula 12 FEC, en la que se establece el Régimen de pago para la retribución del servicio objeto del contrato para toda la duración del mismo, incluídas las prórrogas.

Fundamentos que xustifican o solicitado segundo a reclamación

En síntese son os seguintes:

1. Que a estrutura de custes non é o presuposto do prezo do contrato, tal documento era solicitado para verificar a coherencia da oferta en relación cos custes previsibles da prestación e a garantía de mantemento dos dereitos do persoal adscrito ao servizo.
2. O prezo do contrato é unha retribución a éxito, xa que está fixado en porcentaxes en función da recadación, por tramos, a excepción das sancións, que é unha porcentaxe fixa sobre a recadación. Consecuencia do tipo de retribución, ao non estar en función dos custes, a mesma non pode ser alterada pola variación dos custes tanto en máis como en menos.
3. O prezo do contrato non é un todo, non se ve alterado pola variación da estrutura de custes, se a porcentaxe de retribución que cobra a contratista non é suficiente para afrontar os custes, é ao seu risco e ventura.
4. Principio de invariabilidade do contrato, a lexislación aplicable ao contrato, determina que as prórrogas poden preverse nos contratos, sempre que a súas características permanezan inalteradas durante o período de duración de estas, artigo 23.2 do RD-Legislativo 3/2011, norma aplicable a este contrato.
5. Que os custes incluídos no Estudo económico, Viabilidade do proxecto, non deixaban de ser aproximados, basta dicir, que o custe da partida de notificacións prevista, era de 483.115 euros, e a realidade foi moi distinta: ano 2018: 757.758,42 euros, ano 2019: 925.004,50 euros, ano 2020: 1.002.873,15 euros, ano 2021: 1.052.245,03 euros, ano 2022: 1.003.901,74 euros.
6. A xustificación do incremento queda acreditado no expediente, maior nº de notificacións, custe da notificación maior e reiteración nos procedementos para chegar a conseguir o obxectivo de cobro.
7. Menores ingresos, sendo a carga de valores en executiva cada ano menor, tendo esta circunstancia causa na eficiencia na recadación executiva que incide directamente nunha maior recadación en período voluntario.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

8. Caída ao 50% do IIVTNU, por mor das sentenzas do Tribunal Constitucional e da modificación do TRLRFL polo RD-lei 26/2021, de 8 de novembro.
9. Coste de produción para certos tramos de débeda superior ao rendimento, para débedas por sancións de tráfico de até 50 euros e para as de máis de 300 euros. As primeiras antieconómicas e as segundas, por tratarse de situacións de falta de identificación do condutor, xeran unha gran litixiosidade, xerando un custe real superior ao rendimento.
10. Custe de xestión dos valores en executiva antes da notificación e prazos da providencia de prema, superiores que a retribución por este concepto, limitado ao 5%, cando con carácter xeral, estes valores xa foron notificados en prema, estando xa incurso nestes custes.
11. O sistema de regularización anual, non ten previsto en ningún caso, unha dedución pola amortización.
12. Os investimentos asociados á prestación, como son as licencias, o mantemento de equipos e dos aplicativos, o mantemento das PDAs, os custes dos servizos incluídos nas melloras, as campañas de concienciación, as licencias de todos os aplicativos, seguen a prestarse no período de prórroga.

En consecuencia con todo o exposto, segundo a solicitude non procede a diminución da retribución do contratista polas amortizacións, que supostamente foron imputadas como custe aos CATRO anos iniciais do contrato, por non estar suxeita a retribución a unha estrutura de custes, senón a unha porcentaxe aplicable sobre a recadación.

Ademais, os custes dos investimentos e melloras, están a seguir producíndose no período de prórroga, no mantemento das melloras en toda a súa totalidade, así como no mantemento dos aplicativos de demais sistemas.

Vista a solicitude, infórmase:

A solicitude ten causa nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas sesións do 29 de outubro de 2021 e 29 de decembro de 2022 en relación coas prórrogas do contrato previstas no PCAP.

Na proposta da primeira e segunda prórroga, tívose como fundamentación e xustificación o seguinte:

Satisfacción na prestación dos servizos contratados coa adxudicataria.

Cumprimento das melloras que formaron parte dos criterios suxeitos a xuízo de valor, na oferta.

Cumprimento na posta a disposición do Concello dos investimentos que figuraban nos criterios obxectivos.

Cumprimento do previsto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LOEPSF.

Xustificábanse as vantaxes que supoñía a prórroga do contrato, ademais, non era un contrato de larga duración e non estaba sometido a unha retribución en relación ao custe, senón

que se trataba dunha retribución a éxito, en consecuencia, a prórroga ofrecía vantaxes para o Concello e non supoñía unha barreira de entrada para novos operadores.

Normativa de aplicación

De acordo co previsto na Disposición Transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, rexeranse pola normativa anterior.

O servizo de referencia correspondente ao expediente 16863/541, adxudicouse pola Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de setembro de 2017. O contrato formalizouse o 28 de decembro de 2017. En consecuencia, ao contrato lle é de aplicación o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Fundamentación dos acordos adoptados

Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, previa proposta do Tesoureiro, tiñan o seu fundamento técnico no criterio xeral da Lei de Contratos en relación co presuposto base de licitación, co fundamento técnico do estudo de gastos asociados ao contrato que se licita, polo que, se un dos gastos deixa de ter efecto sobre a estrutura da memoria económica e sobre a oferta, no período de prórroga, non se pode manter o mesmo prezo, xa que suporía un beneficio extraordinario para o contratista adxudicatario.

A Xunta Consultiva de Contratación pública do Estado no informe, expediente 42/18, sobre a interpretación do artigo 100 da LCSP (equivalencia co artigo 87 do TRLCSP), no que conclúe o seguinte:

Nos contratos de subministracións e servizos a desagregación do orzamento base de licitación esixido polo artigo 100.2 da LCSP debe recoller todos os custos e gastos que inflúan na realización da prestación ou prestacións que constitúen o obxecto do contrato, a fin de que se chegue a unha estimación correcta do prezo de mercado e asegúrese o efectivo cumprimento do mesmo unha vez celebrado.

A desagregación exixible en cada caso debe ser o adecuado á natureza das prestacións do contrato, entre as que se terán en conta, no seu caso, as condicións de distribución e entrega dos bens, co obxectivo de cumprir as finalidades expostas, sen que nos casos en que estemos en presenza de prestacións tan sinxelas como as subministracións indicadas na consulta, cuxos prezos de mercado son determinables con maior facilidade, resulte necesario o máis ampla desagregación esixida no artigo 100.2 da LCSP.

A esixencia de indicación no orzamento do contrato, de forma desagregada e con desagregación por xénero e categoría, dos custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia só é exixible nos contratos de servizos e subministracións nos que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución, constitúa o custo principal do prezo total do contrato.

Este informe, unido á Resolución 633/2019 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC), parece despexar algunhas dúbidas con respecto á polémica suscitada con respecto á interpretación do artigo 100.2 da LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Conceptos básicos sobre a desagregación do orzamento base de licitación

1º.- É indubitativamente obrigatorio desagregar no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación, o orzamento base de licitación en custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación, obrigación cuxo incumprimento determina a nulidade dos pregos. (Resolucións TACRC 861/2018, de 1 de outubro e 506/2019, de 9 de maio).

2º.- Nos contratos de subministracións e servizos a desagregación do orzamento base de licitación debe recoller todos os custos e gastos que inflúan na realización da prestación ou prestacións que constitúen o obxecto do contrato. A desagregación exigible en cada caso debe ser o adecuado á natureza das prestacións do contrato.

3º.- A amortización dos bens adscritos ao contrato é un dos custes da contratación pública. A amortización é o proceso contable que permite reflectir a perda de valor que sofren os bens dunha empresa co paso do tempo.

No caso da contratación pública, a amortización que forma parte da estrutura de custes aos efectos de licitación, refírese á depreciación dos bens adscritos polo contratista ao contrato ou que ten que por a disposición da administración contratante.

O artigo 100 da LCSP, regula o Orzamento base de licitación.

Aos efectos da LCSP, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, salvo disposición en contrario.

O artigo 102 da LCSP (87.2 do TRLCSP, RDL 3/2011), determina que os contratos do sector público terán sempre un prezo certo, que se abonará ao contratista en función da prestación realmente executada e de acordo co pactado. O prezo do contrato poderá formularse tanto en termos de prezos unitarios referidos aos distintos compoñentes da prestación ou ás unidades da mesma que se entreguen ou executen, como en termos de prezos aplicables a tanto alzado á totalidade ou a parte das prestacións do contrato.

En todo caso, é necesario que o PCAP fixe que no período de prórroga, ao prezo do contrato se lle deducirá o valor das amortizacións previstas no presuposto base de licitación.

Ademais do anterior, para que sexan deducibles os custes de amortización na prórroga, o orzamento de licitación ten que ter incluído na estrutura de custes as amortizacións dos activos.

En relación cos activos asociados ao contrato ou a posta a disposición da Entidade e as melloras ofertadas.

Os bens adscritos ao contrato ou que o contratista tiña que poñer a disposición da Entidade Local, confórmase de un CPD, onde tería aloxado todos os requirimentos técnicos do contrato (Hardware de BBDD e servidores de aplicacións), equipos de captura e emisión electrónica de denuncias (PDAs), para que a Policía Local desempeñase a súa función sancionadora con seguridade, de tal xeito que a imposición da sanción unha vez validada pasaba a quedar rexistrada e capturada de forma automática e autónoma da vontade dos procesos e persoas intervinientes, licencia de Oracle. Os aplicativos de xestión, de conexión coa AEAT con DGT, coa TGSS, ANCERT cos Rexistros da Propiedade, TEU, servizos bancarios

con EDITRAN, campañas de sensibilización de recadación anual, plans de formación tributaria, etc. As melloras ofertadas, que constaban de plans de formación tributaria, Plans de control do fraude, xestión integral de loita contra o fraude fiscal, plan mellora no sistema de atención ao cidadán, melloras que incrementasen a eficiencia na xestión, etc.

Todas estas, seguen a estar en funcionamento a esta data no período de prórroga.

Nas propostas de prórroga, faciáse constar o grado de cumprimento da oferta en relación cos investimentos como das melloras ofertadas.

Presuposto base de licitación e Prezo do Contrato.

Como nota destacada, no ANEXO INFORME JUSTIFICATIVO, figura a relación de custes que conforman o prezo do contrato, onde non está incluída contía algunha para a amortización, a contía que se propuxo diminuír, non tiña causa no orzamento de licitación, senón na estrutura de custes desagregada que presentou o licitador.

Ao marxe do matiz que se fai no paragrafo anterior, estamos nun contrato no que o presuposto de licitación, non o conforma a estrutura de custes, xa que, como queda acreditado no expediente, o prezo que ten que pagar a Entidade ao Contratista, non son os custes nos que incorre ou o presuposto de licitación coa baixa que ofertase o adxudicatario. O prezo a pagar, ten causa nun contrato de resultados, pagase en función da recadación, tendo en conta os tramos de recadación para a xestión tributaria e nas porcentaxes ofertadas para a recadación das sancións en período voluntario ou executivo.

O prezo por tanto, é unha retribución a éxito, se hai moita xestión recadadora, o prezo pagado é maior por aumentar a base de aplicación e incluso por producirse un cambio de tramo, e si a empresa non alcanza os tramos onde a porcentaxe é maior, o contrato pode entrar en perda.

En relación coa oferta do licitador

Ofertou unha porcentaxe do 10% para recadacións até $3 \cdot 10^6$ de euros.

Do 12% para recadación até $5 \cdot 10^6$ de euros.

Do 14% para recadación até $8 \cdot 10^6$ de euros.

Do 16% para recadación até $11 \cdot 10^6$ de euros.

Do 18% para recadación superior a $11 \cdot 10^6$ de euros.

Para a recadación de sancións en período voluntario e executivo, unha porcentaxe do 26,95%.

A retribución do contratista, é totalmente independente do custe no que incorra.

O apartado III do denominado INFORME XUSTIFICATIVO, establece que, *A retribución do presente contrato estará en función do volume ou dos resultados concretos que se obteñan polas xestións e servizos realizados polo adxudicatario tomándose como índice ou base de cálculo o importe dos dereitos recadados, nos termos descritos neste Prego, que son obxecto da asistencia e colaboración contratados.*

Todas as referencias á recadación incluídas na presente cláusula enténdense feitas á recadación neta, entendendo por recadación neta o importe total da recadación alcanzada mino-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

rada polo importe das devolucións de ingresos realizadas polo Concello de Vigo que sexan consecuencia de defectos na práctica das notificacións.

Tendo en conta que a retribución do contratista estará en función do resultado de recadación, non se fixa tipo de licitación, se ben o presuposto orientativo anual de gasto para a prestación do servizo obxecto do contrato ascende á cantidade de 2.880.000,00 euros, sen IVE. Aos efectos de avaliar o gasto para o contratista, o IVE soportado é un gasto deducible, polo tanto non se ten en consideración, sen prexuízo que o adxudicatario é suxeito pasivo do Imposto, polo que, os gastos soportados polo imposto teñen a condición de deducibles, pola contra, a facturación que o adxudicatario lle fai ao Concello, lle repercutirá o tipo vixente aplicable en cada caso, o que conformará o IVE repercutido.

Achégase o ANEXO, no que se fai un detalle dos custes estimados da prestación do servizo.

No entanto o anterior, a retribución a percibir polo contratista non poderá exceder, en ningún caso, do resultado de aplicar as porcentaxes máximas que se fixan na presente cláusula, determinándose o prezo do modo seguinte:

A.1.- Retribución pola recadación en vía executiva de ingresos de Dereito Público, agás as multas de tráfico e liquidacións pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.

A.2.- Retribución pola recadación en vía executiva das multas de tráfico .

A.3.- Retribución pola recadación en vía executiva das liquidacións pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.

A.4.- Retribución pola recadación de intereses de demora.

B) Incentivos

C) Retribución pola xestión e recadación en período voluntario de multas de circulación.

D) Retribución pola recadación en período voluntario das liquidacións practicadas pola Entidade pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.

A estrutura de custes ou estudo económico que formulou a Entidade Local no ANEXO do INFORME XUSTIFICATIVO, onde se relacionaban os distintos custes da prestación, así como os ingresos aplicando as porcentaxes que se contiñan no anterior contrato, non hai custes de amortización na devandita estrutura.

Na desagregación dos custes solicitados aos licitadores, que como se explicita no informe de valoración das ofertas, *Tendo en conta o resultado final, antes de facer unha ordenación da clasificación, avalíase o Orzamento da oferta presentada pola mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SLU, (SCI), por ser a de maior valoración, aos efectos de valorar a concordancia tanto das melloras e demais contidos dos criterios suxeitos a xuízo de valor como dos valorables por fórmula, sendo o obxectivo da análise, comprobar que se atopan rexistrados os custes de maior importancia.*

O obxectivo era avaliar a coherencia da oferta, -porcentaxes ofertados de acordo as táboas que figuran no PPT e no PCAP- onde se valora de acordo co escalón onde se sitúa a oferta cos custes nos que se incorre. Non se prevía baixas desproporcionadas.

Neste caso concreto, se conclúe, que a estrutura de custes formada pola Entidade Local, non ten incluída ningunha partida que reflecta os custes de amortización, polo que, tampouco sería obxecto de dedución na prórroga do contrato unha partida ou concepto cuantitativo que non existe.

Por outra banda, os custes nos que incorre a prestadora do servizo de acordo a súa oferta, no constitúen o fundamento da súa retribución, polo que, tampouco debe ser obxecto de axuste a retribución do contratista no período de prórroga.

Outras consideracións do contratista en relación coa solicitude

Non se vai entrar nesta análise nas probas e datos que aporta a adxudicataria para xustificar a reclamación,

- a) Menos contía de ingresos,
- b) non cobertura de custes nas débedas por sancións de tráfico de pequena contía,
- c) maior custe das notificacións. É probado e verificado por este servizo, a contía do gasto do servizo de notificacións, xa que segundo o previsto no expediente, esta facturación a paga a Entidade e fai o desconto na regularización anual á contratista, polo que, a información sobre o custe de este concepto que superou de media anual o 96% sobre o previsto, está verificada.
- d) Tampouco procede avaliar si o acordo adoptado no apartado TERCEIRO debe ser tipificado como unha modificación do contrato, xa que se están a manter inalterables as condicións do contrato, afectando exclusivamente á regularización anual.
- e) Gran esforzo económico en desenvolvemento do Software.
- f) Alteración dos custes do servizo pola espiral inflacionista.
- g) Período de inactividade causado pola pandemia.
- h) Descenso nos cargos por sancións.

Todas estas incidencias, coa excepción da inactividade que tivo causa na pandemia que sería de aplicación a lóxica do principio civil *rebus sic stantibus*, é de aplicación o principio de risco e ventura, o empresario que contrata coa Administración (igual que si contrata con outro empresario o cun particular), debe soportar os riscos e imprevisións que poidan aparecer no marco de su actividade. Ningunha empresa ten garantidos os beneficios ao final de cada exercicio ni ao final de cada contrato.

En relación coa inflación, a variación tan intensiva dos prezos pola crecemento sostido dos prezos, nos contratos de servizos non ten amparo no RD-lei 3/2022, polo que, os prezos nos contratos de servizos non están suxeitos a revisión, salvo que estivese previsto no PCAP.

En resume, parte da fundamentación que xustifica a solicitude de revisión do actuado, non sería de aplicación ao contrato, mentres que outras si, basicamente que estamos nun contrato con liquidación a éxito.

Está acreditado que os activos que a adxudicataria tiña que poñer a disposición da Entidade como é o Hardware de BBDD e servidores de aplicacións así como os equipos de captura e emisión de denuncias e outros equipos fixos de captación, están a disposición do Concello.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Estes compromisos formaban parte dos requirimentos que os licitadores tiñan que por a disposición do Concello, aínda que, como se fai constar neste informe, non estaban a formar parte da estrutura de custes ao obxecto do Orzamento base da licitación.

En relación coas melloras, todas as ofertadas por unha contía total de 558,4 mil euros para os 4 anos, tamén están a estender os seus efectos no período de prórroga (Medios asociados a xestión integral de loita contra o fraude fiscal, plan de control de fraude, sistema de mellora de captura de datos e procedementos masivos, mellora de atención ao cidadá, están polo tanto a xerar custe nas prórrogas. Así mesmo, no período de prórroga, tamén se están a consumir os recursos ofertados para campañas de recadación, de mellora formativa, etc.

Dedución da amortización na retribución do contratista

Tendo en consideración que a retribución do contratista non ten o seu fundamento na estrutura de custes asociada á prestación nin na estrutura de custes formada polo Concello, non é correcto nin ten xustificación que se deduza da retribución que está cuantificada a éxito, que non garda relación coa estrutura de custe, a contía da amortización dos investimentos e melloras ofertados, non sendo unha partida do custe do servizo segundo o Orzamento formado pola Entidade Local.

Así mesmo, tal e como se establece na cláusula 12 das FECC, que determina o sistema de regularización anual:

- + Retribución por recadación en vía executiva, agás multas de tráfico e liquidacións pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.
- + Retribución por recadación en vía executiva de recibos de liquidacións dende a finalización do período voluntario de ingreso até a notificación da prema.
- + Retribución por recadación en vía executiva de sancións de tráfico.
- + Retribucións por recadación en vía executiva e voluntaria por liquidación por retirada de vehículos e custodia no depósito municipal.
- + Incentivos.
- + Retribución por recadación de sancións de tráfico en período voluntario.

Retribución total.

- Facturas por notificacións abonadas polo Concello de Vigo.
- Pagos a conta parciais realizados ao longo do ano.

Importe da regularización anual (IVE engadido).

O sistema de regularización anual, non establece esa redución ou dedución da amortización.

Como se fai constar, na proposta de prórroga e acordos da Xunta de Goberno Local de 29/10/2021 e 29/12/2022, mantívose o criterio xeral aplicable a todos os contratos nos que a memoria económica prevé unha contía para amortización de bens asociados ao contrato,

neses casos, o acordo de prórroga sempre prevé a dedución de esa contía, de non facelo, o Concello estaría a pagar en exceso polos activos asociados, xa que a oferta do licitador ao valor de licitación, permítelle a recuperación dos custes de investimento máis o custe financeiro o de oportunidade durante a vida orixinal do contrato. Con carácter xeral, de seguir pagando o mesmo prezo, estaríase pagando un sobreprezo, e o licitador, estará repercutindo uns valores de recuperación superiores aos que corresponden.

No caso que nos ocupa non concorre esta circunstancia por varias razóns:

- a) O orzamento da estrutura de custes formado polo Concello, non contemplaba ningunha partida de amortizacións.
- b) A retribución do contratista non ten causa no presuposto de licitación con fundamento técnico no ANEXO do INFORME XUSTIFICATIVO.
- c) A retribución do contratista é unha liquidación a éxito, non na baixa que puidese ofertar con base no presuposto de licitación.
- d) Os investimentos que ofertou a contratista lle xeran un custe, aínda que en ningún caso poden ser deducibles da retribución na prórroga, xa que os mesmos non formaban unha partida do presuposto de licitación, polo que non sería deducible o que non existe.
- e) As prestacións de mellora e outras que conforman os investimentos que o contratista tiña que por a disposición do Concello, seguen a prestarse no período de prórroga xerando o custe para o contratista.
- f) Os activos postos a disposición do Concello teñen causa na oferta polos requirimentos do PPT, PCAP e memoria xustificativa.

A criterio de este técnico, hai un erro evidente na proposta formulada e nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nos acordos de prórroga de data 29/10/2021 e 29/12/2022, non procedendo a alteración da retribución do contratista nun contrato suxeito a éxito e sobre todo, cando na estrutura do orzamento de custes formado polo Concello, non ten prevista ningunha partida para amortización dos activos solicitados aos licitadores, non procedendo deducir da retribución un custe inexistente.

Modificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local

Ao amparo do previsto no artigo 109.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, as Administracións Públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

A eliminación do apartado terceiro dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas sesións do 29/10/2021 e 29/12/2022, ten cobertura xurídica nas figuras da revisión dos actos administrativos; máis concretamente na facultade de revogación (neste caso parcial) regulada no art. 109.1 LPAC, pois é desfavorable para o contratista (menor retribución por dedución das amortizacións), non constituindo dispensa o exención non permitida polas leis nin é contraria ao principio de igualdade, ao interese público e ao ordenamento xurídico (STS 19 de marzo de 2011, entre outras).

Tendo en conta as consideracións contidas no informe, e considerando que a proposta formulada e os acordos adoptados resultan desfavorables para o contratista e non constitúen dispensa ou exencións non permitidas nin resulta contraria ao principio de igualdade nin ao



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

interese público, propónse á Xunta de Goberno Local a revogación parcial do acordo adoptado nas sesións do 29 de outubro de 2021 e 29 de decembro de 2022, revogando o apartado TERCEIRO dos devanditos acordos por non proceder a modificación do sistema de regularización anual, cos seguintes fundamentos:

- 1) Por non estar prevista na estrutura de custes formada polo Concello a partida de amortizacións, en consecuencia, non pode ser deducible na prórroga unha partida que representa un concepto que non existía e que non formou parte da análise que fixeron os licitadores para avaliar a súa oferta.
- 2) Por tratarse dun contrato no que a retribución do contratista non está suxeita a unha estrutura de custes, senón que a mesma é unha liquidación anual a éxito, está en función da recadación neta e das porcentaxes aplicables sobre a mesma segundo a súa oferta.
- 3) O custe das amortizacións que se propuxo deducir na proposta e nos acordos da Xunta de Goberno Local, representa un concepto da estrutura de custes da adjudicataria, polo que, é un dato non vinculante, obrigatorio aos efectos de analizar a viabilidade da oferta, xa que a estrutura de custes do servizo formada polo Concello, non contiña esta partida.
- 4) Aínda que de carácter menos relevante, por non estar previsto no modelo de cálculo da regularización anual prevista na cláusula 12ª das FEC, que suporía unha alteración das condicións do contrato.
- 5) Dando cumprimento ao solicitado no informe da Intervención Xeral de data 30/01/2024, o acordo que se adopte polo órgano competente, non supón custe para o Concello, non require que Órgano de Contratación autorice un gasto, aínda que, a aplicación dos acordos adoptados nas sesións da Xunta de Goberno Local do 29 de outubro de 2021 e 29 de decembro de 2022, suporía un ingreso, que como se xustifica neste informe, nin na estrutura de custes formada por esta Administración, nin na súa proposta e tampouco no contrato asinado, tiña xustificación técnica e polo tanto, a partida de amortizacións non podería ser obxecto de dedución nas prórrogas con cargo á retribución do contratista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(265).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA DE INTEGRACIÓN NO ANO 2024. EXPTE. 9862/336.

Visto o informe xurídico do 20/03/2024 e o informe de fiscalización do 02/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado pola técnica

medio de Actividades Culturais e Educativas, e conformado pola concelleira-delegada e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2024.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do Rúa Sagunto 86, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002 , contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.03 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Suvencións para o periodo 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificando polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs., xuño (desde o fin da actividade escolar), xullo, setembro (ata o inicio da actividade escolar), Nadal, Entroido e Semana Santa é de 9h a 14.00 h No mes de agosto non se prestará o servizo.

A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Mestre/a de Educación Infantil que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa .

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión da Ludoteca de Integración durante o ano 2024. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio coa ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP".

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA LUDOTECA DE INTEGRACIÓN.

En Vigo, a data de sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, dona MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados/as de competencias; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron concedidas por razón do seu cargo.

Doutra, D. DANIEL VARELA LAGO, con DNI: 36012389R como presidente da ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL “APAMP” (en adiante A ASOCIACIÓN), C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 9862/336

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con discapacidade psíquica-física de calquera índole adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar.

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellería de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.

III.- Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a ASOCIACIÓN, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considera-se conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca de Integración proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

IV.- Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN

V.- Que a ASOCIACIÓN non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 9862/336.

VI.- A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificadado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación e integración nos distintos ámbitos da sociedade.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A ASOCIACIÓN comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.*
- 2.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmovible da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas.*
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.*
- 4.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.*
- 5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.*

6.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

7.- Mensualmente entregará ao Servizo de Xuventude a programación das actividades a desenvolver, así como un informe en formato dixital da evolución do servizo e traballo realizado no que deberá incluír:

- Número de altas e baixas de usuarios e usuarias (sexo, idade e código postal).

- Actividades realizadas, incluíndo o número de participantes en cada unha delas, así como fotografías das mesmas.

Estes informes deberán ser entregados dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á realización das actividades.

8.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:

1.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de Ludoteca de Integración no ano 2024.

TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio enténdese vixente e surte efectos desde o 21 de novembro de 2023 ao 20 de novembro de 2024, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.

O presente convenio non será prorrogable.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 48.054,04 CO-RENTA E OITO MIL CINCUENTA E CATRO EUROS E 4 CÉNTIMOS DE EURO.

O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de 28.000,00 € (vinte e oito mil euros).

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.03 Subvención Ludoteca APAMP do vixente presuposto municipal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral deberá destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Diplomado/a Mestre/a de Educación Infantil.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e identidade sexual.

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O prazo de xustificación finalizará o 20 de novembro de 2024. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.

OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria

Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.03.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

- *A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).*
- *O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000 €), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei.

DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 21 de novembro de 2023 e o 20 de novembro de 2024. O IVE soportado, que deberá constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Serán gastos directos subvencionables os que figuran a continuación:

a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.

b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.

c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades

d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.

En relación cos gastos indirectos ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:

- 1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos términos do presente Convenio.*
- 2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.*
- 3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

4. *Someterse ás actuación de comprobación e facilitar canta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.*
5. *Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.*
6. *Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.*
7. *Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
8. *Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*
9. *A ASOCIACIÓN será a responsable de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en relación ao COVID-19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.*

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO QUINTA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO SEXTA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedente da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha da seguintes causas:

- 1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.*
- 2. Acordo unánime de todos os asinantes.*
- 3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.*
- 4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio*
- 5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.*

DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

A Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude

Presidente de APAMP

Asdo: María del Carmen Lago Barreiro

Asdo: Daniel Varela Lago

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver a actividade de Ludoteca Inclusiva dirixido a nenas e nenos de 4 a 10 anos, entre o CONCELO DE VIGO e a ASOCIA-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

CIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL “APAMP” que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 28.000 euros a favor da entidade CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL “APAMP”, C.I.F. G36624120 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 14.000€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María del Carmen Lago Barreiro para a sinatura do presente convenio”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(266).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 9883/336.

Visto o informe xurídico do 20/03/2024 e o informe de fiscalización do 03/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado pola técnica medio de Actividades Culturais e Educativas, e conformado pola concelleira-delegada e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o presente ano.

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira aínda que provisoriamente trasladarase ao Torreiro de Festas de Fragoselo (Coruxo) adecuadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concelleira de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.04 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

Que a presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificando polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai doce anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo. O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización durante o ano **2024**. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio co CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do es-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

tado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

CONVENIO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL "O CUCO DE CORUXO"

En Vigo, a data de sinatura dixital

REUNIDOS

*Dunha parte, dona **MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO**, na súa calidade de **CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados/as de competencias; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron concedidas por razón do seu cargo.*

*Doutra, Dna. **ANA ROSA PÉREZ COMESAÑA**, con DNI: 36118880W como presidenta da **ASOCIACIÓN CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO** (en adiante A ASOCIACIÓN), CIF G36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 9883/336*

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

I.- Que a ASOCIACIÓN ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir.

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de dinamización infantil que propoñen e coinciden cos da Concellería de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento

mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.

III.- Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de do programa de Dinamización Infantil proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

IV.- Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.04, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **28.000** euros, a favor da ASOCIACIÓN

V.- Que a ASOCIACIÓN non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 9883/336.

VI.- A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Suvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificadado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

os intervinientes, conclúen o presente convenio fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento da o programa de dinamización infantil "O CUCO DE CORUXO" co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A ASOCIACIÓN comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- 2.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 13 anos, no Torreiro de Festas de Fragoselo (Coruxo), de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas de luns a venres, tódolos meses do ano, excepto agosto que permanecerá pechada. En vacacións escolares o horario será de 9:30 a 13:30 h.
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.
- 4.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.
- 5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.
- 6.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.
- 7.- Mensualmente entregará ao Servizo de Xuventude a programación das actividades a desenvolver, así como un informe en formato dixital da evolución do servizo e traballo realizado no que deberá incluír:
 - Número de altas e baixas de usuarios e usuarias (sexo, idade e código postal).
 - Actividades realizadas, incluíndo o número de participantes en cada unha delas, así como fotografías das mesmas.

Estes informes deberán ser entregados dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á realización das actividades.

8.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

*Pola súa banda, o **Concello de Vigo**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:*

1.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

*2- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de dinamización infantil no ano **2024**.*

TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

*O presente convenio enténdese vixente e surte efectos **desde o 21 de novembro de 2023 ao 20 de novembro de 2024**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.*

O presente convenio non será prorrogable.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 28.500 (VINTEOITI MIL CINCOCENTOS).

*O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **28.000,00 € (vinteito mil euros)**.*

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.04 Dinamización Infantil C.R.A.C. de Coruxo do vixente presuposto municipal.

QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e identidade sexual.

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

*O prazo de xustificación **finalizará o 20 de novembro de 2024**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).*

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:*

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se achen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- *As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.

OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria

Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.04.

- *A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).*
- *O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000 €), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei

DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

*Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **21 de novembro de 2023 e o 20 de novembro de 2024**. O IVE soportado, que deberá constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.*

Serán gastos directos subvencionables os que figuran a continuación:

- a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.*
- b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.*
- c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades*
- d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.*

*En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza),*

imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e registrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:

- 1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.*
- 2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.*
- 3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.*
- 4. Someterse ás actuación de comprobación e facilitar canta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

5. *Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.*
6. *Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.*
7. *Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
8. *Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*
9. *A ASOCIACIÓN será a responsable de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en relación ao COVID-19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.*

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento dá Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedente da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha da seguintes causas:

- 1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.*
- 2. Acordo unánime de todos os asinantes.*
- 3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.*
- 4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio*

5. *Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.*

DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

A Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude Presidenta do CRAC Coruxo

Asdo: María del Carmen Lago Barreiro

Asdo: Ana Rosa Pérez Comesaña



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1663/1102

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, entre o Concello de Vigo e o CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 28.000 € a favor da entidade CENTRO, RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, CIF: G36627495 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 14.000 € correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María del Carmen Lago Barreiro para a sinatura do presente convenio".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(267).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez